



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 527
19 de xullo de 2023

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de xullo, de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres [201465](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento do 18 de xullo de 2023 polo que se eleva ao Pleno a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, formulada polo G.P. Popular de Galicia, G.P. do Bloque Nacionalista Galego e G.P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (doc. núm. 55504;11/PPL-0000019). [201459](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

■ 55222 (11/PNP-004573)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de actuacións para garantir a seguridade viaria na recta da Anchoa, en Fisterra [201479](#)

■ 55272 (11/PNP-004574)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da área de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [201484](#)

■ 55313 (11/PNP-004575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia referidas á mellora do modelo de atención residencial das persoas maiores [201487](#)

■ 55333 (11/PNP-004576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha das accións necesarias ante a alta mortalidade do marisco na ría de Arousa e as súas consecuencias [201490](#)



I 55339 (11/PNP-004577)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre unha proposta de acordo do Parlamento de Galicia respecto do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Partido Popular contra a reforma laboral

[201493](#)**I 55345 (11/PNP-004578)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á estrutura e condicións do equipo da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

[201497](#)**I 55350 (11/PNP-004579)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación e recuperación do Hospital Gil Casares, de Santiago

[201501](#)**I 55489 (11/PNP-004580)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recursos de persoal facultativo nos dous centros médicos do concello de Frades

[201504](#)**I 55497 (11/PNP-004581)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da tramitación do proxecto de interese autonómico denominado Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, en Mos

[201507](#)**I 55532 (11/PNP-004582)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da presenza na oferta curricular das diferentes etapas educativas da materia de igualdade de xénero

[201514](#)**I 55538 (11/PNP-004583)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación das persoas LGBT nos centros educativos

[201517](#)**I 55544 (11/PNP-004584)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de actuacións para determinar posibles irregularidades no rexistro de saída do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia

[201521](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 55221 (11/PNC-004740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de actuacións para garantir a seguridade viaria na recta da Anchoa, en Fisterra

[201524](#)

I 55273 (11/PNC-004741)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da área de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

[201529](#)

I 55314 (11/PNC-004742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia referidas á mellora do modelo de atención residencial das persoas maiores

[201532](#)

I 55336 (11/PNC-004743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha das accións necesarias ante a alta mortalidade do marisco na ría de Arousa e as súas consecuencias

[201536](#)

I 55340 (11/PNC-004744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre unha proposta de acordo do Parlamento de Galicia respecto do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Partido Popular contra a reforma laboral

[201539](#)

I 55346 (11/PNC-004745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á estrutura e condicións do equipo da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

[201544](#)

I 55351 (11/PNC-004746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación e recuperación do Hospital Gil Casares, de Santiago

[201548](#)



I 55488 (11/PNC-004747)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recursos de persoal facultativo nos dous centros médicos do concello de Frades

[201551](#)**I 55496 (11/PNC-004748)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da tramitación do proxecto de interese autonómico denominado Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, en Mos

[201554](#)**I 55528 (11/PNC-004749)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da retirada de gaiolas de ollomol que permanecen abandonadas na ría de Sada

[201561](#)**I 55533 (11/PNC-004750)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da presenza na oferta curricular das diferentes etapas educativas da materia de igualdade de xénero

[201564](#)**I 55539 (11/PNC-004751)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación das persoas LGBT nos centros educativos

[201567](#)**I 55545 (11/PNC-004752)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de actuacións para determinar posibles irregularidades no rexistro de saída do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia

[201571](#)**1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario****1.3.8.6. Modificacións orzamentarias****Modificacións orzamentarias en comisión****Admisión a trámite, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación****I 55557 (11/MOP-000038)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2023

[201574](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 55274 (11/INT-002662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as estruturas organizativas e a dotación profesional dos servizos de oncoloxía pediátrica

[201640](#)

I 55341 (11/INT-002663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a evolución do emprego despois da reforma laboral do Goberno do Estado

[201643](#)

I 55536 (11/INT-002664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a oferta curricular da materia de igualdade de xénero nas diferentes etapas educativas

[201648](#)

I 55542 (11/INT-002665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación das persoas LGBT nos centros educativos

[201651](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de xullo, de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e traslado á Xunta de Portavoces para audiencia sobre a tramitación polo procedemento de lectura única

- 55504 (11/PPL-000019)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres

Examinada a Proposición de lei, formulada polo G. P. Popular de Galicia, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (11/PPL-000019), para a que se solicita que se tramite polos procedementos de lectura única e urxencia e tendo en conta a natureza e simplicidade da proposición de lei, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Cualificala como proposición de lei e admitila a trámite polo procedemento de urxencia.

2º. Trasladar a referida proposición de lei á Xunta de Portavoces para audiencia sobre a tramitación polo procedemento lexislativo especial de lectura única.

3º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

4º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

- Acordo da Mesa do Parlamento do 18 de xullo de 2023 polo que se eleva ao Pleno a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, formulada polo G.P. Popular de Galicia, G.P. do Bloque Nacionalista Galego e G.P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (doc. núm. 55504; 11/PPL-000019).

Con data 14 de xullo de 2023, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia a Proposición de lei, formulada polo G.P. Popular de Galicia, G.P. do Bloque Nacionalista Galego e G.P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (doc. núm. 55504; 11/PPL-000019).



A Mesa do Parlamento na sesión de 18 de xullo de 2023, admitiu a trámite polo procedemento de urxencia a referida proposición de lei.

Logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 18 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1º) Propoñerlle ao Pleno, na sesión prevista para o día 28 de xullo de 2023, que se tramite polo procedemento especial de lectura única a Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

2º) Abrir o prazo de presentación de emendas á totalidade ata o día 27 de xullo de 2023, ás 13.30 h.

3º) Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 55222 (11/PNP-004573)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de actuacións para garantir a seguridade viaria na recta da Anchoa, en Fisterra

- 55272 (11/PNP-004574)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da área de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 55313 (11/PNP-004575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia referidas á mellora do modelo de atención residencial das persoas maiores

- 55333 (11/PNP-004576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha das accións necesarias ante a alta mortalidade do marisco na ría de Arousa e as súas consecuencias



- 55339 (11/PNP-004577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre unha proposta de acordo do Parlamento de Galicia respecto do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Partido Popular contra a reforma laboral

- 55345 (11/PNP-004578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á estrutura e condicións do equipo da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

- 55350 (11/PNP-004579)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación e recuperación do Hospital Gil Casares, de Santiago

- 55489 (11/PNP-004580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recursos de persoal facultativo nos dous centros médicos do concello de Frades

- 55497 (11/PNP-004581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da tramitación do proxecto de interese autonómico denominado Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, en Mos

- 55532 (11/PNP-004582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da presenza na oferta curricular das diferentes etapas educativas da materia de igualdade de xénero

- 55538 (11/PNP-004583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación das persoas LGBT nos centros educativos

- 55544 (11/PNP-004584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de actuacións para determinar posibles irregularidades no rexistro de saída do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 55221 (11/PNC-004740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de actuacións para garantir a seguridade viaria na recta da Anchoa, en Fisterra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55273 (11/PNC-004741)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da área de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55314 (11/PNC-004742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia referidas á mellora do modelo de atención residencial das persoas maiores

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55336 (11/PNC-004743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha das accións necesarias ante a alta mortalidade do marisco na ría de Arousa e as súas consecuencias

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 55340 (11/PNC-004744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre unha proposta de acordo do Parlamento de Galicia respecto do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Partido Popular contra a reforma laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55346 (11/PNC-004745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á estrutura e condicións do equipo da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 55351 (11/PNC-004746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación e recuperación do Hospital Gil Casares, de Santiago

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55488 (11/PNC-004747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recursos de persoal facultativo nos dous centros médicos do concello de Frades

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55496 (11/PNC-004748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da tramitación do proxecto de interese autonómico denominado Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, en Mos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55528 (11/PNC-004749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da retirada de gaiolas de ollomol que permanecen abandonadas na ría de Sada

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 55533 (11/PNC-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da presenza na oferta curricular das diferentes etapas educativas da materia de igualdade de xénero

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55539 (11/PNC-004751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación das persoas LGBT nos centros educativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55545 (11/PNC-004752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de actuacións para determinar posibles irregularidades no rexistro de saída do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Modificacións orzamentarias en comisión

Admisión a trámite, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

- 55557 (11/MOP-000038)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2023

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 55274 (11/INT-002662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as estruturas organizativas e a dotación profesional dos servizos de oncoloxía pediátrica

- 55341 (11/INT-002663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a evolución do emprego despois da reforma laboral do Goberno do Estado

- 55536 (11/INT-002664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a oferta curricular da materia de igualdade de xénero nas diferentes etapas educativas

- 55542 (11/INT-002665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación das persoas LGBT nos centros educativos

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, o **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego** e o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través dos seus respectivos portavoces e da súa portavoz, presentan a seguinte **Proposición de Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres**, para súa tramitación en **lectura única**, de conformidade co disposto no artigo 134 e concordantes do Regulamento da Cámara e polo **procedemento de urxencia** previsto no artigo 98 do devandito Regulamento.

Exposición de motivos

Todos os pobos conservan a súa identidade e fan visible a súa continuidade histórica a través de símbolos. Entre eles os Panteóns, como depositarios e custodios da memoria colectiva. Xunto con esta función primordial, os Panteóns cumpren outras dúas misións de grande importancia: por un lado, son un instrumento de recoñecemento e gratitude colectiva cara ás persoas que neles son honradas por teren destacado polos seus méritos; e, por outro, a memoria das súas obras e feitos serve de estímulo ás xeracións presentes para que traten de emular e superar os logros dos seus máis destacados devanceiros.

En Galicia, estas ideas deron lugar, a finais do século XIX, con importante apoio institucional e un grande eco popular, a creación do Panteón de Galegos Ilustres. No ano 1891, por iniciativa da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, o Concello de Santiago de Compostela, a Asociación Rexionalista Galega e un grupo de estudantes da Facultade de Dereito da Universidade, tomouse o acordo, co consentimento de Manuel Murguía e da familia de Rosalía de Castro, de trasladar os restos mortais da ilustre escritora desde o cemiterio de Adina, en Iria Flavia, ata a igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela. Así, o 25 de maio de 1891, con este traslado, e co apoio entusiasta das colectividade galegas en América, comezou a súa andaina histórica o lugar simbólico que, por influencia da prensa galega da época, foi denominado Panteón de Galegos Ilustres.



Posteriormente, co ánimo de consolidar o proxecto, no ano 1906 foi soterrado na mesma igrexa o líder rexionalista Alfredo Brañas, finado en 1900. En 1932, por iniciativa dun “feixe de galeguistas de Sant-Yago”, comezou a celebrarse o día 24 de xullo “unha misa pol-as almas de Rosalía e de Brañas, na Eirexa onde as súas cinzas agardan a resurrección final” concibida como un acto de “xuntanza da relixiosidade e do patriotismo galego”, segundo a crónica do acto publicada no número 104 da revista Nós. O golpe de Estado de 1936 e a Guerra Civil interromperon a celebración desta misa, ata que o Padroado da Fundación Rosalía de Castro, fundado en 1947, e que tiña entre os seus fins estatutarios o de “coidar do mausoleo de Rosalía na igrexa de San Domingos de Compostela”, asumiu en 1949 a organización dunha misa “votiva” cada 25 de xullo, nun acto ao que logo seguiu unha ofrenda floral perante o monumento dedicado á poeta na Alameda compostelá ou no propio Panteón. E compre subliñar que dita celebración non correspondía nin coa data do nacemento nin coa do seu pasamento, senón coa que as Irmandades da Fala fixaran como Día Nacional de Galicia, o 25 de xullo.

Quedou así patente que, ademais da súa dimensión relixiosa, este acto tiña un indubidable carácter de reivindicación da identidade galega, vencellada á figura de Rosalía de Castro. Deste xeito, San Domingos de Bonaval converteuse nun punto de encontro no que moitas persoas se xuntaban para dar, dentro dunha celebración relixiosa, testemuño de galeguismo, nunha práctica que tiña moito de resistencia e de loita por manter o facho da identidade galega durante a Ditadura.

Os sucesivos enterramentos consolidaron San Domingos de Bonaval como un verdadeiro Panteón de Galegos Ilustres: O escultor Francisco Asorei, finado en 1961 e soterrado ese mesmo ano; o poeta Ramón Cabanillas, finado en 1959 e soterrado no 1967; e o cartógrafo e matemático Domingo Fontán, finado en 1866 e soterrado en 1968. Unha consolidación como símbolo da identidade galega que foi posible grazas aos esforzos conxuntos e a xenerosidade de varias institucións, tanto públicas como privadas, que coidaron o recinto e os sartegos das persoas alí honradas: A Igrexa e o Concello de Santiago, a



Fundación Rosalía de Castro, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Alfredo Brañas e a Fundación Castelao.

A pesares de que o primeiro Presidente da Xunta elixido democraticamente, o Presidente Fernández-Albor, tomou posesión neste simbólico lugar, o Panteón non se desenvolveu nestas décadas de autogoberno, nin recibiu o recoñecemento do que, por xustiza, era merecente. Desde 1968 tan só se soterrou no Panteón de Galegos Ilustres a un dos máis senlleiros fillos de Galicia, Alfonso Rodríguez Castelao, finado en Bos Aires en 1950 e trasladado desde o cemiterio da Chacarita ao Panteón en 1984, por acordo do Parlamento de Galicia.

Diante desta situación, e co obxectivo de recoñecer ao Panteón como un símbolo da identidade de Galicia e un lugar de referencia no devir da conciencia das novas xeracións, o Consello da Cultura de Galicia, de acordo cos Padroados das fundacións que honran a memoria das ilustres persoas soterradas en San Domingos de Bonaval, elaboraron e fixeron chegar ao Parlamento, agromando do talo do centenario do traslado dos restos mortais de Rosalía, unha proposta para a regulación do Panteón. Desde entón, tense avanzado para acadar un amplo acordo social e político dirixido a institucionalizar o Panteón de Galegos Ilustres, un acordo que abranguese tanto ás forzas políticas con representación parlamentaria; como aos propietarios dos espazos onde se ubica o Panteón (Igrexa e Concello); ás institucións públicas e privadas que promoven a cultura de Galicia (Consello da Cultura, Real Academia Galega ou Museo do Pobo Galego, entre outras); e aos padroados das mencionadas fundacións. Un acordo que ten como obxectivo que o Panteón desempeñe un papel vivo e activo como lugar de encontro, aprendizaxe e alento do sentir da comunidade dos galegos e galegas de dentro e de fóra do país.

Por estes motivos, o Parlamento de Galicia recoñece a través desta Lei ao Panteón de Galegas e Galegos Ilustres como un elemento singular da nosa identidade, procedendo a sentar os principios que regularán a súa xestión, uso e conservación.



A configuración do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres como un símbolo da identidade de Galicia (artigo 1) encargado de honrar á persoas e a feitos que representan a continuidade de nosa singular personalidade como pobo (artigo 2), fai necesaria a participación das institucións, tanto públicas como privadas, máis representativas do conxunto do país e da súa cultura. A forma elixida para institucionalizar o Panteón é a de Fundación pública autonómica, porque é a máis acaída para facilitar a cooperación entre todas as institucións públicas e privadas chamadas a cumprir cos obxectivos perseguidos; ao tempo que garante, polo seu carácter público e vencellamento ao Parlamento, a súa continuidade no tempo, a súa sostibilidade económica, e o seu carácter de símbolo compartido, á marxe de ningunha outra condición que a común pertenza ao pobo galego (artigo 3).

Para preservar o carácter institucional do Panteón, a Lei predetermina no seu artigo 4 a composición do Padroado da Fundación, composta por oito membros, que representan aos poderes lexislativo e executivo da Comunidade Autónoma e aos titulares demaniais e patrimoniais dos espazos que conformarán o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres; todos eles presididos pola persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia, institución representativa do conxunto do pobo galego.

Para garantir que se manteñan no tempo os consensos que inspiran e levan á aprobación desta Lei, no seu artigo 6 se establecen maiorías cualificadas no Padroado para a aprobación das normas esenciais de funcionamento en relación cos usos do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que en todo caso deberán ser respectuosos coa natureza e significado do lugar; e en relación coas honras, protocolos e cerimoniais que se realicen no futuro.

Para facilitar a participación na Fundación e nas súas actividades de cantas institucións ou persoas, que polo seu vencellamento histórico ou presente, ou pola súa capacidade de asesoramento, poidan contribuír a dar cumprimento aos obxectivos e fins do Panteón, o artigo 7 crea unha ampla Comisión Asesora aberta a novas incorporacións temporais ou definitivas.



En definitiva, coa presente Lei recoñécese ao Panteón de Galegas e Galegos Ilustres como un elemento singular da identidade de Galicia, de maneira que, tal e como evocara Afonso Castelao na súa “Alba de Groria”, pronunciada en Bos Aires o 25 de xullo de 1948, o Panteón, honrando “as nobres dinidades e os fortes caracteres que deu Galiza no decorrer da súa Hestoria”, serva para que “co seu simbolismo nos deixe ver o pasado para proveito do futuro”.

Artigo 1.- O Panteón de Galegas e Galegos Ilustres

O Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, símbolo da identidade do pobo galego e da súa continuidade histórica, é o espazo físico destinado a honrar e perpetuar a memoria das persoas que teñan contribuído significativamente á afirmación da identidade de Galicia, ao coñecemento desa identidade e a súa defensa, así como ao desenvolvemento do progreso do pobo galego, en particular, e da humanidade en xeral.

Artigo 2.- Obxecto e Fins

No Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, dándolle continuidade ao Panteón de Galegos Ilustres sito na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, honrarase ás galegas e galegos que se teñan distinguido ao longo da súa vida polos servizos prestados a Galicia, particularmente:

- Na defensa dos valores compartidos polo pobo galego, como o respecto a dignidade das persoas e aos seus dereitos, a liberdade ou a solidariedade.
- Na reivindicación da cultura, da lingua galega e da personalidade histórica de Galicia.
- Na contribución ao coñecemento científico, o desenvolvemento das ciencias humanas, sociais, naturais, da saúde, ou tecnolóxicas.
- Na creación artística e literaria galega.



Artigo 3.- Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

1.- Coa finalidade de interese xeral da conservación, xestión e promoción do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, así como a dos valores que representa, o Parlamento de Galicia promoverá a constitución dunha fundación pública coa denominación “Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres”, que actuará baixo o seu control, dependencia ou tutela. A esta Fundación seranlle de aplicación as leis autonómicas que regulan as fundacións de interese galego e as fundacións do sector público autonómico, coas especialidades establecidas nesta lei.

2.- A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres terá personalidade xurídica propia, contará co seu propio patrimonio e tesourería e gozará de autonomía de xestión nos termos previstos na lexislación indicada neste artigo.

3.- O Parlamento de Galicia, a través da Mesa conxuntamente coa Xunta de Portavoces, exercerá as funcións que a normativa que regula as fundacións do sector público autonómico atribúe ao Consello da Xunta. Para o exercicio destas funcións e as demais que lle correspondan contará co asesoramento e colaboración dos Servizos da Cámara.

4.- O Parlamento, ademáis da aportación que efectúe á dotación inicial da Fundación, que en todo caso será maioritaria, incorporará anualmente aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, dentro da súa sección, recursos suficientes para dar cumprimento aos fins do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. Así mesmo, os Estatutos da Fundación preverán que o Padroado encargue o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das actividades da Fundación aos servizos da Cámara, que executarán os ingresos e os gastos previstos nos orzamentos anuais da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, de acordo coas normas previstas nas leis que regulan o réxime económico e financeiro das fundacións públicas autonómicas.



Artigo 4.- Presidencia e Padroado

A escritura de constitución preverá que o Padroado da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres estea presidido pola persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia, para o que contará coa asistencia dos Servizos do Parlamento. Ademáis do Presidente, formarán parte do Padroado as persoas integrantes da Mesa do Parlamento, e as seguintes persoas en representación das correspondentes institucións:

- Pola Xunta de Galicia, a persoa titular da Presidencia ou a persoa membro do Consello da Xunta en quen delegue.
- Polo Concello de Santiago de Compostela, o persoa titular da Alcaldía, ou a persoa membro da Corporación Municipal na que delegue.
- Pola Arquidiocese de Santiago de Compostela, o arcebispo de Compostela ou persoa na que delegue.

Artigo 5.- Domicilio.

A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres estará domiciliada na sé do Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela, sen prexuízo do establecido na Disposición Transitoria desta lei.

Artigo 6.- Funcionamento

1.- A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres actuará conforme ao previsto na normativa indicada no artigo 3 e nos seus Estatutos.

2.- Os Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres contemplarán, cando menos, as normas básicas para o establecemento das seguintes regulamentacións:



- a) Un Regulamento de Usos do espazo do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que garanta unha utilización respectuosa e decorosa apropiada as súas finalidades, particularmente na contorna dos soterramentos físicos do actual Panteón de Galegos Ilustres.
- b) Un regulamento de honras, protocolo e cerimonial, que prevea os requisitos mínimos que xustifiquen a concesión de novas honras no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

3.- Para as decisións que afecten ao desenvolvemento dos regulamentos de usos e de honras, o Padroado procurará o acordo unánime dos seus membros, e en todo caso adoptará as súas decisións por unha maioría cualificada de tres cuartos das persoas integrantes.

4.- Garantirase a apertura ao público do Panteón, difundindo e fomentando as visitas a este espazo emblemático, así como a celebración de actos de recoñecemento e homenaxe ás personalidades que alí están soterradas por organizacións sociais, culturais ou políticas, no marco do decoro e respecto que debe presidir este lugar.

Artigo 7.- Comisión Asesora.

1.- Para o cumprimento dos seus fins, e particularmente para o asesoramento do Padroado da Fundación na aplicación dos Regulamentos de Uso e de Honras, os Estatutos da Fundación incluírán a creación dunha Comisión Asesora da que formarán parte, presididos pola persoa titular da Presidencia da Fundación ou membro do Padroado en quen delegue, un representante de cada unha das seguintes institucións: o Consello da Cultura de Galicia; a Real Academia Galega; a Real Academia Galega das Belas Artes; as tres Universidades públicas de Galicia; as Consellerías da Xunta que teñan atribuídas as funcións de Cultura e Patrimonio Histórico e de Facenda e orzamentos; o Concello de Santiago; a Arquidiocese de Santiago de Compostela; o Museo do Pobo Galego; e, de estar constituídas e en funcionamento, unha persoa representante da Sociedade Económica de



Amigos do País de Santiago, e un representante de cada un dos padroados que honran a memoria das persoas soterradas no Panteón de Galegos Ilustres.

2.- Á Comisión Asesora poderán incorporarse, con carácter permanente ou para asesoramentos específicos, aquelas outras representacións ou persoas que o Padroado considere oportuno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Tendo en conta o carácter histórico do Panteón sito na igrexa de San Domingos de Bonaval, non se realizarán novos enterramentos no mesmo, sen prexuízo do disposto no artigo 2.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Por razóns de eficacia e economía de medios, a Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e a Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de Cultura poderán asinar un Convenio de colaboración para que os servizos competentes do Museo do Pobo Galego asuman a xestión material ordinaria do espazo físico do Panteón en San Domingos de Bonaval, coa adecuada compensación financeira dos gastos adicionais en que incorra.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

A persoa que ostente a Presidencia do Parlamento informará de todas as actuacións e acordos conducentes a constitución da Fundación á Mesa do Parlamento, así como dos acordos que, unha vez constituída, se adopten no Padroado. En relación cos Estatutos e os Regulamentos de Usos e Honras será consultada a Mesa coa Xunta de Portavoces



DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1.- A constitución da Fundación realizarase mediante escritura pública de acordo co previsto no artigo 3, actuando como fundadores o Parlamento de Galicia, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Arquidiocese de Santiago de Compostela, que determinarán de común acordo os estatutos da Fundación así como a súa dotación inicial.

2.- En particular, co obxectivo de darlle continuidade ao Panteón de Galegos Ilustres, faranse as xestións necesarias para que tanto a Arquidiocese compostelá como o Concello de Santiago de Compostela, no momento da constitución ou con posterioridade, cedan á Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres o uso, respectivamente, da Igrexa de San Domingos de Bonaval e a parte de terreo público municipal imprescindible dada a súa vinculación física co mesmo, que será delimitado polo Concello no convenio de cesión.

3.- A Presidencia do Parlamento de Galicia promoverá, á maior premura desde a entrada en vigor da presente Lei, á realización de todas as xestións necesarias dirixidas á obtención dos acordos precisos para a constitución e rexistro da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, procurando, en particular, a cesión do uso dos espazos recollidos no número anterior polo Concello de Santiago e a Arquidiocese de Santiago de Compostela polo máximo tempo posible. Así mesmo, unha vez constituida a Fundación, promoverá a formalización do convenio de colaboración previsto na Disposición Adicional Segunda.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Antecedentes

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/07/2023 20:28:07

Ana Pontón Mondelo na data 13/07/2023 10:41:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/07/2023 10:44:17

Alfonso Rueda Valenzuela na data 13/07/2023 10:51:18

Katherinie Varela Fernández na data 13/07/2023 10:51:32

Moisés Blanco Paradelo na data 13/07/2023 10:51:46

Ángel Rodríguez Conde na data 13/07/2023 10:51:59

Paula Mouzo Mas na data 13/07/2023 10:52:12

Susana López Abella na data 13/07/2023 10:52:26

María Belén Salido Maroño na data 13/07/2023 10:52:40

Fernando Pérez Domínguez na data 13/07/2023 10:52:55

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/07/2023 10:53:09

Gómez Salgado, Carlos na data 13/07/2023 10:53:26

Cachafeiro Anta, Belén na data 13/07/2023 10:53:40

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 13/07/2023 10:54:00

López Sánchez, Rosalía na data 13/07/2023 10:54:16

Pardo López, Adrián na data 13/07/2023 10:54:32



Freire Vázquez, María Begoña na data 13/07/2023 10:54:46

Manuel Santos Costa na data 13/07/2023 10:55:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/07/2023 10:55:17

Ana Belén García Vidal na data 13/07/2023 10:55:34

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/07/2023 10:55:52

José Luis Ferro Iglesias na data 13/07/2023 10:56:09

Teresa Egerique Mosquera na data 13/07/2023 10:56:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/07/2023 10:56:43

José Alberto Pazos Couñago na data 13/07/2023 10:56:59

María Corina Porro Martínez na data 13/07/2023 10:57:20

María Sol Díaz Mouteira na data 13/07/2023 10:57:37

José Manuel Balseiro Orol na data 13/07/2023 10:57:56

Carmen María Pomar Tojo na data 13/07/2023 10:58:14

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/07/2023 10:58:36

María Guadalupe Murillo Solís na data 13/07/2023 10:58:54

José Antonio Armada Pérez na data 13/07/2023 10:59:20

Noelia Pérez López na data 13/07/2023 10:59:43

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 13/07/2023 11:00:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/07/2023 11:00:34

Ramón Carballo Páez na data 13/07/2023 11:01:01

Raquel Arias Rodríguez na data 13/07/2023 11:01:21

Cristina Sanz Arias na data 13/07/2023 11:01:38

Francisco José Conde López na data 13/07/2023 11:01:53

María Elena Candia López na data 13/07/2023 11:02:10

Paula Prado del Río na data 13/07/2023 11:02:26

Borja Vereza Fraiz na data 13/07/2023 11:02:42

Diego Calvo Pouso na data 13/07/2023 11:02:59



Olalla Rodil Fernández na data 13/07/2023 11:23:53

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2023 11:24:02

Rosana Pérez Fernández na data 13/07/2023 11:24:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/07/2023 11:24:16

Mercedes Queixas Zas na data 13/07/2023 11:24:22

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 11:24:31

Diego Lourenzo Moura na data 13/07/2023 11:24:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/07/2023 11:24:43

Daniel Pérez López na data 13/07/2023 11:24:51

Iria Carreira Pazos na data 13/07/2023 11:24:59

Daniel Castro García na data 13/07/2023 11:25:06

María del Carmen Aira Díaz na data 13/07/2023 11:25:16

Carmela González Iglesias na data 13/07/2023 11:25:23

Paulo Ríos Santomé na data 13/07/2023 11:25:29

Alexandra Fernández Gómez na data 13/07/2023 11:25:35

María Montserrat Prado Cores na data 13/07/2023 11:25:44

Noa Presas Bergantiños na data 13/07/2023 11:25:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/07/2023 11:26:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/07/2023 11:34:27

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2023 11:34:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/07/2023 11:34:46

Patricia Otero Rodríguez na data 13/07/2023 11:34:57

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/07/2023 11:35:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/07/2023 11:35:21

Marina Ortega Otero na data 13/07/2023 11:35:32

Pablo Arangüena Fernández na data 13/07/2023 11:35:44

Paloma Castro Rey na data 13/07/2023 11:35:55



Noa Susana Díaz Varela na data 13/07/2023 11:36:05

Martín Seco García na data 13/07/2023 11:36:21

Noelia Otero Lago na data 13/07/2023 11:36:34

Eduardo Ojea Arias na data 13/07/2023 11:36:46



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O concello de Fisterra situado na Costa da Morte, provincia da Coruña e con 4.726 habitantes, conta no seu marco cun lugar chamado A Anchoa que dá nome a unha estrada, máis coñecida como a recta da Anchoa, que como o seu nome di é unha longa recta que nos anos 90 e 2000 sufriu unha edificación masiva incrementando de xeito considerable a poboación, sobre todo na época estival, debido a que moitos pisos e casas se habitan nesta época maioritariamente.

Así mesmo, é a zona con máis vida, xa que alí se atopan radicados moitos negocios, como hoteis, farmacias, supermercados, etc., aos que acode a poboación asentada nese núcleo e tamén a veciñanza de núcleos máis achegados. É unha estrada cunha cuantiosa afluencia de tráfico cada día que circula a gran velocidade, que fai que en ocasións as persoas que teñen a necesidade de cruzar con “tranquilidade” tarden ata 15 minutos en facelo e que a maioría das veces nenas e nenos, que teñen que cruzar para coller o transporte escolar ou para volver ás súas casas logo da xornada escolar, maiores e demais persoas que teñen que acudir a mercar aos negocios que alí se atopan como farmacias, supermercados, restaurantes, etc., e tamén turistas que teñen que cruzar para poder acudir a praia, o claro atractivo turístico deste concello, arrisquen as súas vidas para poder facer este tipo de actividades, para poder levar a cabo a vida cotiá.



Nesta travesía, cuxas competencias pertencen a Xunta de Galicia e na que actualmente a velocidade está fixada en 70km/hora (que na maioría das ocasións non se respecta este límite) e que ademais se caracteriza por ser unha estrada cunha sinistralidade considerable xa que levan anos ocorrendo accidentes e atropelos con consecuencias nefastas, carece dalgún tipo de sinal de seguridade viaria como pode ser un paso de peóns ou algún mecanismo de redución de velocidade.

Con intención de paliar esta problemática, o Concello de Fisterra dende fai anos leva pedindo solucións á Xunta de Galicia. Visto as súas escusas sobre que tiña que haber beirarrúas, de que non era solo urbano, etc. O Concello de Fisterra, hai dous anos, encabezado polo alcalde socialista José Marcote, levaron a cabo o desenvolvemento do Plan xeral para aprobación de núcleo urbano, afectando tamén ese cambio de núcleo a Anchoa e polo tanto a súa travesía.

Tamén levaron a cabo un proxecto de proposta no cal solicitaron instalar 6 pasos de peóns, o límite de velocidade a 50km/hora tal e como lle corresponde logo de urbanizar a recta da Anchoa, farois para o paso de peóns e beirarrúas para maior seguridade veciñal.

Este proxecto, está incluído no Plan xeral e foi aprobado en Pleno en abril e o 10 de maio enviaron o dito proxecto á Xunta de Galicia.

Non obstante, conscientes de que a estrada é responsabilidade da Xunta de Galicia e coñecedores de que o Concello lle solicitou en varias ocasións autorización para realizar varias melloras na seguridade, pero que non houbo resposta por parte da Administración autonómica, asociacións de veciños da Anchoa e asociacións de pais e nais, solicitaron pasos de peóns á Xunta de Galicia e acudiron ao Concello reiteradas veces para mostrar interese polo seguimento desta situación.



Nesas reiteradas peticións tanto por parte do Concello coma das asociacións, á Xunta de Galicia deses pasos de peóns para solucionar a problemática de cruzar a beiravía, sempre se recibiron negativas (poñían desculpas de que tiña que haber beirarrúas, de que non era solo urbano, que xa se solucionou fai dous anos, etc.)

Sendo unha travesía moi transitada polo tráfico, con gran afluencia de xente tendo que cruzar por ela e como dicíamos antes, cunha gran sinistralidade con consecuencias graves, a desgraza volveu a ocorrer neste mes de xuño, cando un auto atropelaba mortalmente a un veciño que estaba cruzando a estrada.

Os feitos ocorreron o pasado 4 de xuño, cando un veciño de Fisterra duns 80 anos foi atropelado, ao redor das 18h, por un coche na dita recta da Anchoa, mentres estaba cruzando, ocasionándolle feridas graves na cadeira e na cabeza que non puido superar e que rematou co falecemento deste veciño, que fora brigadista do Concello e era da parroquia de Duio e moi coñecido e apreciado na localidade.

Este atropelo mortal non foi o único que ocorreu nesta travesía da Anchoa, anos atrás pasaba outro suceso similar co atropelo dunha muller, que tamén resultou ferida de gravidade e faleceu por esta causa.

Con motivo deste fatal accidente, a Asociación Cultural da Anchoa, fixo unhas declaracións e anunciou e realizou unha concentración, na que participaron veciñas e veciños de Fisterra, os partidos políticos do Concello e membros da Asociación, para exixir unha mellora da seguridade viaria, a berro de *Xunta escoita, Anchoa está de Loita*.

A Asociación Cultural da Anchoa, é unha entidade de Fisterra que promove todo tipo de actividades sociais e lúdicas, pero que en parte naceu no ano **1989**



como instrumento reivindicativo contra a alta inseguridade deste tramo de estrada. É a Asociación que se atopa activa contra esta loita e que segue acudindo ao Concello para mostrar o interese e continuar co legado pedindo máis seguridade para as veciñas e os veciños desta recta.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, ante a situación de sinistralidade vivida na recta da Anchoa (Fisterra) e as reiteradas peticións das súas usuarias e usuarios, adopte, de maneira inmediata, as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria e peonil desta estrada.

Parlamento de Galicia, 7 de xullo de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2023 12:00:32
Nº Rexistro: 55222
Data envío: 07/07/2023 12:00:32.433

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/07/2023 11:32:02

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2023 11:32:15

Eduardo Ojea Arias na data 07/07/2023 11:32:28

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
201483

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela funciona o servizo de oncoloxía pediátrica que atende, nos diferentes niveis e estádios da enfermidade, a varias decenas de menores que son diagnosticados de cancro. Este servizo, dependente do servizo xeral de pediatría, ten un funcionamento certamente autónomo debido ao específico das doenzas e os pacientes sobre os que traballa.

Non en tanto nos últimos tempos vence producindo unha tendencia que vai facendo a esta área perder capacidade de funcionamento, cando o diagnóstico de patoloxías de oncoloxía pediátrica ven aumentando nos últimos anos. Así os facultativos que atenden esta unidade son 2, cando apenas poucos anos atrás eran 5, o que reduce a súa capacidade de acción e tamén provoca problemas de saturación, dificultade para organizar o propio funcionamento da atención (vacacións, días libres, etc). O persoal non facultativo sofre dos mesmos problemas e todo recae sobre a vontade e vocación dos profesionais que, sendo exemplares, non poden ofrecer máis do que xa entregan a súa labor.

Alguns problemas de funcionamento e organización do servizo teñen que ver tamén coa dificultade para ter posibilidades de formación específica por parte do persoal, que desenvolve esta labor por iniciativa propia, a custe propio e auto-organizándose para manterse en constante actualización o que, ao fin, repercute nunha maior e mellor asistencia sanitaria a pacientes e familias.



Outras labores como a perda de capacidade investigadora, que agora é imposible por parte do persoal do propio servizo pola dedicación absoluta ás labores asistenciais debido á falta de maior volume de persoal. Algunhas iniciativas que se desenvolven en Galicia veñen favorecidas por iniciativas persoais, como a de familiares de pacientes que realizan actividades solidarias que permitan obter fondos.

A situación do conxunto de oncoloxía pediátrica neste centro podería optimizarse no caso de poder mellorar en autonomía e entidade dentro da estrutura organizativa do centro. Ao igual que ocorre noutros sistemas sanitarios doutras comunidades autónomas, este caso tamén tivo a figura dun xefe de sección / servizo, que permitía ter un maior acceso e posibilidades de capacidade de decisión propia e de xestión de maiores recursos, tanto materiais como humanos. A xubilación do profesional que exercía ese rol foi aproveitada para eliminalo da estrutura, tendo dende entón menor peso organizativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a recoñecer a labor que están a facer os profesionais de oncoloxía pediátrica do CHUS, dotar dunha estrutura organizativa que permita ter maior autonomía e capacidade de acción dentro do propio centro no plano funcional e de recursos, así como facilitar o incremento progresivo de dotación material e persoal que contribúa a unha consolidación e mellora das potencialidades neste área asistencial.

Santiago de Compostela, 10 de xullo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 11:29:01
Nº Rexistro: 55272
Data envío: 10/07/2023 11:29:01.454

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2023 11:25:42

Noa Susana Díaz Varela na data 10/07/2023 11:25:50

Marina Ortega Otero na data 10/07/2023 11:26:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2023 11:26:12

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

201486

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A sociedade galega agarda o novo modelo de atención residencial que o Goberno galego prometeu dentro dun modelo de atención xunto ao resto de recursos que garantan o maior tempo de autonomía e retraso da institucionalización das persoas maiores ou con dependencia. Lamentablemente tras dous anos de promesas, o Goberno galego non transformou as palabras en feitos.

Na actualidade a única novidade en prazas públicas en centros de atención residencial, vén da man de Amancio Ortega, e todo elo sen garantir por parte do goberno galego que a xestión de ditas residencias sexa directa en todas elas.

Unha das medidas sine qua non que deba garantir o Goberno galego para comezar a falar dun novo modelo de atención residencial, é a necesidade dun incremento substancial nos técnicos dos equipos de inspección, tendo en conta que somos das comunidades autónomas con maior porcentaxe de persoas maiores ou potencialmente dependentes e paradoxicamente somos das que menos técnicos de inspección ter para supervisar os centros de atención residencial. Dende o Grupo Parlamentario Socialista fixemos esta proposta en numerosas ocasións, tendo en conta que é unha necesidade urxente para blindar os dereitos das persoas maiores ou con dependencia e tamén co elo evitar a competencia desleal contra os centros de atención residencial que cumpren escrupulosamente coa normativa ofrecendo atención de calidade.



As consecuencias desta e outras carencias páganas as persoas maiores que residen nos centros de atención residencial e as propias traballadoras e traballadores que en tantas ocasións teñen unha carga laboral indebida polo incumprimento das ratio e condicións laborais inferiores ás que lles corresponden.

Fai uns días os medios de comunicación publicaron a denuncia por parte das familias de usuarios/as dun centro de atención residencial ante a Consellería de Política Social. En concreto salientaban a carencia de persoal e menús de baixa calidade no centro Castro de Ribeiras de Lea, da rede de centros de Domus Vi, en Castro de Rei, centro con prazas concertadas a través da Xunta de Galicia e que conta con 172 prazas. En concreto as familias dos residentes denunciaba que o persoal do centro non erguía aos usuarios/as dependentes, debido á falta de traballadores que fai que teñan unha carga de traballo inasumible. Ademais de dita carencia, o cadro de persoal deste centro segundo indicas as familias, non cobren as baixas nin vacacións de ninguén.

En canto ao tipo de alimentación que se lles proporciona aos/ás usuarios/as dende o centro, as familias que asinan solicitan á Consellería de Política Social do Goberno galego, que constate vía inspección toda a información en canto á mala calidade dos menús que ofrecen aos residentes.

Ademais de todo elo, as familias sospeitan que algúns residentes estiveran de xeito reiterado “baixo os efectos dalgunha sedación”, cuestión que ter que ser investigada por parte do goberno galego a través da inspección con urxencia.

Por tales cuestións, que de ser certas, estarían mermendo gravemente o benestar e a saúde física e mental das persoas maiores residentes, dende o grupo socialista vemos a necesidade de que o Goberno galego responda varias cuestións que clarifiquen o correcto funcionamento ou non de dito centro, así



como o número exacto de técnicos de inspección específicos para supervisar os centros de atención residencial de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social a que incrementa, de xeito urxente, o número de técnicos de inspección para a correcta supervisión dos centros de atención residencial e blindar, deste xeito, os dereitos das persoas maiores ou con dependencia, así como os dereitos laborais das traballadoras e traballadores de ditos centros e, con elo, evitar a competencia desleal contra os centros que cumpren a normativa e ofrecen coidados de calidade.

Santiago de Compostela, 10 de xullo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/07/2023 13:34:42

Patricia Otero Rodríguez na data 10/07/2023 13:34:54

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2023 13:35:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2023 13:35:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Montserrat Prado Cores** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar diante da mortalidade de ameixa e longueirón cuxos restos apareceron na praia da Canteira na Illa de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días na praia da Canteira na Illa de Arousa apareceron unha grande cantidade de restos de ameixas e longueiróns, episodio que xa se producira a mediados do mes de xuño tamén na praia da Lanzada

Esta gran mortalidade fixo saltar de novo a preocupación entre o sector do mar, porque desgraciadamente non estamos diante dun problema puntual, senón que estes episodios son cada vez máis frecuentes.

Preocupación pola situación da ría de Arousa onde o saneamento da mesma sigue sendo unha asignatura pendente, a erradicación dos vertidos contaminantes e a garantía da calidade das súas augas están lonxe de ser unha realidade.

Neste contexto a finais de xuño a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, xunto con arredor de corenta colectivos vinculados co mar na ría de Arousa, entre os que se atopan confrarías de pescadores, asociacións de produtores de mexillón ou grupos ecoloxistas, veñen de dar a voz de alarma pola situación crítica na que se atopa a produción.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denuncian que o pasado ano experimentouse unha caída de até dous terzos nas vendas de ameixa babosa, fina e rubia, e o berberecho un cuarto da súa produción.

Esta mingua da produción leva parella a baixada da rendibilidade de millóns de euros, e polo tanto dos ingresos de miles de familias que viven do mar, especialmente do marisqueo e a perda de máis de mil permex no marisqueo da nosa ría nos últimos vinte anos.

A obriga da Xunta de Galiza é protexer as rías e adicar os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos precisos para investigar e vixiar as condicións ambientais, as verteduras, a calidade da depuración das augas e a calidade das augas dos ríos que alimentan as rías. A nosa ría ten o triste récord de ser a que máis vertidos ten de toda Galiza.

Non valen máis escusas e urxe a rexeneración integral das rías, a rexeneración urxente dos bancos marisqueiros e investigar as causas do máis que preocupante deterioro progresivo.

Este novo vertido pon en evidencia que o saneamento da ría de Arousa segue a ser unha asignatura pendente, erradicación dos vertidos contaminantes e a garantía da calidade das súas augas están lonxe de ser unha realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas en aras a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Determinar as causas da mortalidade de ameixa e longueirón cuxos restos apareceron por centos na praia da Canteira da Illa de Arousa e días antes tamén na Lanzada

2.- Poñer en marcha todas as accións precisas para reverter a situación de mortalidade do marisco, a falta de subministro de semente, a escaseza de capturas, a caída de ingresos e a perda de postos de traballo.”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/07/2023 10:54:35

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 10:54:39



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Centrándonos nos datos de paro rexistrado, publicados o 4 de xullo polo Servizo Público de Emprego (SEPE), estes reflicten un aumento da afiliación de 8.145 persoas.

Tras varios meses consecutivos rexistrando incrementos, o número total de persoas afiliadas sitúase en 1.067.230. Pola súa banda, o desemprego volve caer este mes, concretamente en 5.410 persoas, contabilizando unha cifra total de 129.024, o mellor dato da serie histórica, dende 1996.

En canto á afiliación, dáse un crecemento sostido nos seis primeiros meses do ano, partindo de 1.031.000 e chegando aos 1.067.0000, 36.500 máis.

Comparando o primeiro semestre de 2023 co mesmo período de 2022, obtéñense en Galicia 14.500 empregos máis.

Tal como recolle sindicato UGT o máis destacable é que esta expansión do emprego está a darse a través do emprego de calidade de maneira que a reforma laboral segue, por tanto, despregando todo o seu potencial tras ano e medio desde a súa entrada en vigor, profundando na estabilización e a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras.



Unha mostra diso é que a temporalidade na afiliación continúa manténdose no mínimo histórico do 14 %. Ademais, o número de contratos indefinidos asinados neste mes continúa ascendendo, realizándose en xuño 22.993 contratos, e chegando a supoñer o 31,34 % do total de contratos rexistrados.

Así, aínda que o número total de contratos rexistrados é menor en comparación con anos anteriores, isto non é máis que unha mostra da estabilidade na que por fin se instaurou o mercado laboral español, que pasou a asentarse sobre a contratación indefinida e non sobre a concatenación sen fin de contratos temporais de moi curta duración.

Xérase emprego estable e de calidade así o está recoñecendo incluso o Partido Popular, que a rexeitou no seu momento co seu voto en contra no Parlamento, e que estivo descualificándoa e opoñéndose á súa aplicación desde a súa entrada en vigor, mesmo cun recurso de inconstitucionalidade

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 9,74 %, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, o que indica unha mellora de expectativas, e baixou no ano nun 17,95 %.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 4,01 % e nun 4,04 % entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 9,58 % entre os homes e o 7,65 % entre as mulleres.

Aínda así, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,93 % do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 76.035 mulleres, fronte a 52.989 homes.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos. Así, baixou un 3,96 % no primario; un 3,13 % na industria; o 3,27 % na construción; un 2,51 % no colectivo sen emprego anterior; e nun 4,42 % nos servizos.



No ano sucede o mesmo, baixa en todos. Baixa un 15,74 % no primario; o 12,15 % na industria; o 11,28 % na construción; e o 8 % no sector servizos; e no colectivo de sen emprego baixa o 1,88 %.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 3,1 % en Lugo; o 4,52 % en Pontevedra; o 4,22 % na Coruña; e o 2,42 % en Ourense.

No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 8,54 %; 9,12 % en Pontevedra; 7,95 % na Coruña; e o 7,84 % en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 31,34 %, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 42,3 %.

Realizáronse en xuño un total de 73.138 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 70,34 %, e do 59,43 %, no primario.

Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 30,12 %, e na industria, do 23,04 %.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 64,06 %, con 78.523 persoas beneficiarias. Deste total, 40.253 perciben subsidio e a renda activa de inserción, 4.688, ambas importes asistenciais, e tan só 33.582 prestacións contributivas, o 42,8 % do total.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.067.230 de media mensual, medrando un 0,77 % no mes e un 1,78 % no ano.



Por elo, vista a radiografía dos datos do paro rexistrado as organizacións sindicais UGT e CCOO instan o Partido Popular a retirar o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a reforma laboral, e por elo o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acorda manifestar a súa vontade de opoñerse ao Recurso de Constitucionalidade presentado polo Partido Popular contra a reforma laboral e o seu apoio á retirada do mesmo.

Santiago de Compostela, 11 de xullo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/07/2023 10:14:00

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2023 10:14:12

Marina Ortega Otero na data 11/07/2023 10:14:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/07/2023 10:14:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da unidade de oncoloxía pediátrica do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Universitario de Santiago de Compostela xa ten sido albo de numerosas críticas e reclamacións por parte de familias e persoal desde hai anos. Graves déficits materiais que conducían a cuartos con mobiliario en mal estado, carencias na infraestrutura ou incluso na instalación eléctrica, ou o escaso número de habitacións de illamento motivaron as queixas noutras ocasións.

Actualmente súmanselle a estas eivas – moitas das cales seguen sen solución, como sucede co reducido número de habitacións de illamento – un problema no persoal da unidade. Desde novembro de 2022, momento no que tiveron as primeiras entrevistas coa Consellería de Sanidade, as familias das crianzas ingresadas no servizo de oncoloxía pediátrica están a denunciar o déficit de persoal facultativo e de enfermería. A día de hoxe só están traballando dúas oncólogas das 5-6 que viñan sendo habituais, o que se engade á falta de estabilidade da enfermaría após a xubilación de varias das enfermeiras da unidade. Persoal que ademais está a sufrir unha gran precariedade laboral, pois moitas delas acumulan ducias de contratos temporais. Esta falta de persoal e a súa rotación está a ter importantes consecuencias, tanto sobre as que están





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actualmente en activo, cunha importante sobrecarga laboral e un estrés constante, como tamén sobre as crianzas e as súas familias, que están a vivir con gran preocupación a repercusión que poida ter no que se refire á perda de calidade asistencial.

Actualmente oncoloxía pediátrica non conta con ningunha xefatura de sección que poida actuar como ente coordinador nin tampouco con plans de formación específicos para o persoal. A pesar da especificidade e da gravidade da patoloxía que se atende na unidade, a formación do persoal depende unicamente da vontade persoal, o que se traduce nunha grande inequidade e nun empeoramento das súas condicións, pois ten que realizarse fóra do horario laboral.

Esta situación agrávase ao ter en conta que este servizo é de referencia para moitos casos graves, o que pon máis de relevo as eivas a pesar do gran esforzo das profesionais por manter constantemente unha atención de calidade para as crianzas ingresadas e as súas familias.

A persistencia de moitos dos déficits que xa levan varios anos sendo denunciados sen que se produza ningún movemento por parte do Sergas para solucionarlos podería interpretarse como falta de vontade para a resolución. Ademais, cómpre enmarcalos na grave crise que está a sufrir a pediatría a nivel galego, con falta de cobertura na Atención Primaria dunha boa parte dos concellos do noso País..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º.- Iniciar de inmediato o procedemento para designar unha xefatura de sección de oncoloxía pediátrica, con autonomía e capacidade de xestión e coordinación.

2º.- Proceder á estabilización do equipo de oncoloxía pediátrica a través da contratación estable do persoal, tanto facultativo coma de enfermería ou outro que sexa preciso para manter a calidade asistencial e as condicións de traballo axeitadas.

3º.- Elaborar e presentar antes de que remate o presente período de sesións un plan de formación para o persoal da unidade, tanto facultativo coma non facultativo, de acordo ás súas propias necesidades. Para a elaboración deste plan teranse en conta as suxestións e recomendacións do persoal. ”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/07/2023 09:56:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 09:56:32

Iria Carreira Pazos na data 11/07/2023 09:56:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do hospital Gil Casares, en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Gil Casares construído a comezos do século XX atópase a día de hoxe nun estado ruinoso. Despois de múltiples propostas para dotalo de novos usos e un paulatino proceso de perda de servizos, profesionais e pacientes, a día de hoxe este centro aínda alberga consultas e despachos, así como unidades de hospitalización.

Durante anos, negáronse reformas e melloras claramente necesarias baixo diferentes pretextos atendendo a eses proxectos de diferentes usos. Tras todo ese desleixo, a día de hoxe contamos cun hospital nun estado claramente ruinoso, con humidades, fiestras en mal estado, problemas no chan, na calefacción, nos baños das habitacións, e un longo etcétera, chegando a presentar áreas que levan tempo apuntaladas. Sen ir máis lonxe, o pasado 9 de maio saltou a noticia do completo desprendemento do teito dun dos cuartos de hospitalización que estaban en uso, coa fortuna de que a persoa que o ocupaba non chegou a sufrir ningún dano. Mais hai só 5 días volveu a ter lugar un suceso similar, co desprendemento de parte do teito dun cuarto sobre unha persoa que estaba ingresada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta evidente o estado de completo abandono que a Xerencia de Santiago de Compostela ten sobre este centro, no que se acumulan décadas de desleixo e falta de actuacións. Ademais das importantes consecuencias físicas que ten este abandono para pacientes e persoal, con riscos evidentes para a súa integridade, tamén ten impacto sobre a súa saúde mental e emocional. Nun contexto evidente de falta de camas na área sanitaria, con pacientes que agardan horas en urxencias para poderen ingresar nunha planta de hospitalización resulta, cando menos, contradictorio, manter nestas condicións ruinosas o Hospital Gil Casares. Falta de camas á que se lle suma o peche decretado por parte da Xerencia da área sanitaria, a pesar das importantes listas de espera existentes a día de hoxe na sanidade pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a acometer todas as actuacións precisas para a rehabilitación e recuperación do Hospital Gil Casares, garantindo o bo estado da infraestrutura e posibilitando deste xeito o seu uso como unidade de hospitalización ou de consultas externas, segundo as necesidades existentes no CHUS.”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/07/2023 12:09:28

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 12:09:32

Iria Carreira Pazos na data 11/07/2023 12:09:43



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A día de hoxe a situación do sistema sanitario público no concello de Frades é insostible, derivado do abandono e a falla de planificación da Consellería de Sanidade nos derradeiros anos. Este municipio rural do interior coruñés cunha superficie de preto de 82 km² está distribuído en doce parroquias e conta con dous núcleos que son os máis poboados, Ponte Carreira e Abellá, no que viven 2.302 veciños e veciñas, destes un 32 % teñen máis de 65 anos.

Segundo os propios datos da páxina web do Sergas, o concello de Frades ten dous centros médicos separados por máis de 9 km de distancia, un centro de saúde en Ponte Carreira, onde deberían de traballar 2 médicos/as, 2 enfermeiros/as, 1 pediatra e 1 administrativo/a e tamén ten un consultorio local na parroquia de Abellá, onde debería traballar 1 médico/a e 1 enfermeiro/a.

En marzo de 2020 o consultorio de Abellá quedou sen médico e a poboación do concello tiña que se desprazar ao Centro de Saúde de Ponte Carreira, unha situación que a Consellería de Sanidade dixo que se corruxiría unha vez pasada a pandemia, pero foron todo palabras xa que, a día de hoxe, o consultorio ten só un enfermeiro/a e pecha os meses de verán.

O Centro de Saúde de Ponte Carreira quedou cunha soa médica ao xubilarse un dos médicos e esta traballa 9 meses por ano, ao ter dereito a 3 meses de excedencia nos que se dedica a outra dedicación, ademais non conta co



servizo de pediatría dende hai moito tempo e os rapaces e rapazas teñen que se desprazaren ao Centro de Saúde de Ordes.

Para suplir a xubilación do médico, o Sergas está a cubrir día a día, sen planificación, con profesionais que se achegan a facer medias xornadas de 4 horas e provocan unhas listas de espera desesperantes na atención primaria da cidadanía de Frades. Nunha visita ao centro de saúde a finais de Xuño puidemos observar como unha paciente nos contaba que lle deran cita para pedir receitas o día 21 de xullo ou outro paciente que abría a aplicación do Sergas diante de nós e só tiña dispoñible en todo o mes, dúas horas de citas os días 18 e 19 de xullo.

Esta situación non é algo que colla de sorpresa á consellería, posto que Frades leva meses sen médico en Abellá e sen pediatra en Ponte Carreira, e neste centro xa se sabía que un dos médicos estaba en prórroga para a súa xubilación ata os 70 anos e a médico leva tempo pedindo a excedencia á que ten dereito durante tres meses ao ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Cubrir inmediatamente a praza do médico xubilado no Centro de Saúde de Ponte Carreira e planificar a cobertura dos períodos de excedencia da outra médico.
2. Restablecer a praza de médico no consultorio de Abellá.

Parlamento de Galicia, 12 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2023 18:02:42
Nº Rexistro: 55489
Data envío: 12/07/2023 18:02:42.459

Martín Seco García na data 12/07/2023 15:52:23

Julio Torrado Quintela na data 12/07/2023 15:52:43

Marina Ortega Otero na data 12/07/2023 15:52:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/07/2023 18:02:11

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
201506

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a tramitación do Proxecto de Interese Autonómico Factoría do deporte galego Galicia Sports 360 en Mos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza e o Concello de Mos veñen promovendo e facilitando o pelotazo urbanístico que pretende levar adiante o presidente Mouriño coa Cidade Deportiva do Real Club Celta. Este macroproxecto sitúase no alto dun dos montes dese concello procurando unha localización sobre solo de monte comunal cunhas grandes vistas sobre a Ría de Vigo que permitirían ao empresario obter unha grande revalorización coa operación. O proxecto non se limita aos usos deportivos, senón que se asenta economicamente sobre outros usos como os hoteleiros, comerciais, hosteleiros, etc.

A primeira estratexia para lograr sacar adiante este pelotazo e darlle cobertura legal, consistiu nun arranxo entre o empresario e o Concello de Mos, gobernado polo PP, para a modificación do seu PXOM.

Pero o proxecto tiña e ten un impacto tan lesivo e tan evidente no territorio, que bateu cun informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático que reunía unha chea de obxeccións de numerosos organismos. Por exemplo, o Instituto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estudos do Territorio sinala un grave impacto paisaxístico. Dende Mobilidade dise que a localización contradí un modelo de mobilidade sostible e que se leva por diante a cohesión do sistema urbano. Igualmente dende a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo advirten que a expropiación de terreos en mancomún non se xustifica neste caso e que a destrución desta masa forestal no alto do monte supón un perigo ambiental, porque é precisamente esa masa forestal a que está a protexer o solo e os recursos hídricos.

Despois deste primeiro fracaso, viu un segundo intento consistente en trocear o proxecto en pequenas partes para que parecece menos lesivo. Esta fragmentación do proxecto permitiu a Concello e Xunta posicionarse cun “ti vaille dando aos poucos que logo xa iremos amañando.” Desta forma comezaron a construírse os primeiros campos e infraestruturas.

Pero o proxecto volveu levar un novo batacazo, desta vez foi contra o TSXG, que ratificou que estas primeiras obras eran ilegais e observa fragmentación fraudulenta da totalidade do proxecto.

Este mes de abril, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de desestimar o recurso de casación cursado polo concello de Mos e confirma así o ditame anterior sobre a construción ilegal da cidade deportiva do Celta.

As diferentes declaracións, tanto do actual como do anterior presidente da Xunta de Galiza, sobre as bondades deste macroproxecto comercial en terreos comunais, contrasta coas evasivas por parte dos mesmos sobre as reiteradas sentenzas xudiciais que confirman que a cidade deportiva do Celta é ilegal. Resulta inadmisíbel que ante esta sentenza o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, afirme que a Xunta vai procurar a súa legalización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actuación por parte da Administración Pública debera ser a de velar polas máximas garantías ambientais na tramitación e non na utilización das súas potestades de forma fraudulenta nun claro exercicio de desvío de poder.

Ante esta nova confirmación de que a construción do edificio actual de case 3.000 metros cadrados sobre solo rústico de especial protección fixéronse de forma ilegal, o que debera facer a Xunta de Galicia, e así llo esiximos dende o Bloque Nacionalista Galego, é unha pronta execución e restitución da legalidade urbanística e o respaldo por parte da Xunta de Galiza ao cumprimento de dita sentenza.

Mais en lugar de situarse do lado da xustiza, a Xunta de Galiza novamente trata de buscar novas vías que faciliten os intereses de Mouriño a toda costa. Dun lado, o Pleno do Concello de Mos impulsa a aprobación do plan urbanístico que pretende legalizar a primeira fase construída. Doutro, dende a Xunta, tamén hai unha implicación directa para que o clube logre sacar a toda costa o seu proxecto. Segundo coñecemos polo propio Celta, mediante un comunicado emitido o 9 de agosto, este anunciaba que a Xunta declarará a ampliación do proxecto RC Celta Galicia Sports 360, nos montes de Mos, como proxecto de interese autonómico.

Na nota de prensa do clube gábanse, por adiantado, do importante respaldo que iría supor esta declaración para o seu proxecto. Tres meses despois do anuncio do Celta, o 10 de novembro dese ano, o Consello da Xunta de Galiza declara de interese autonómico o proxecto denominado “Factoría do Deporte Galego- Galicia Sports 360”. Efectivamente, tal e como anunciara Mouriño, esta declaración vai permitir ao clube grandes facilidades legais e na tramitación coas que sortear a grande oposición que xera este proxecto e o seu difícil encaixe legal.

Por unha banda, a declaración de interese autonómico afectaría ao desenvolvemento xa existente declarado ilegal pola xustiza, primeiro polo xulgado de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra e logo ratificado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Por outra, a declaración tamén pode ter como finalidade buscar un subterfuxio legal para expropiar o monte comunal, incluso a aqueles comuneiros que se opoñen ao proxecto e para lograr unha tramitación exprés sen garantías.

Como podemos deducir, a declaración de interese autonómico é empregada novamente como instrumento para favorecer os intereses privados dunha empresa perante os intereses colectivos. Demóstrase unha vez máis que este mecanismo é, na práctica, unha forma de facilitar unha vía legal coa que a Xunta pretende sortear o marco normativo en favor de intereses amigos.

Así, en febreiro deste ano a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático recibía un escrito da Secretaría Xeral para o deporte no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada de dito proxecto, achegando para tal fin o documento ambiental estratéxico e o borrador do proxecto de interese autonómico redactado polo promotor. E en maio deste ano, a Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolvía non someter dito proxecto ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria por non prever efectos ambientais significativos. É dicir, novamente a Xunta de Galiza facilita a falla de controis ambientais que puideran limitar a implantación do proxecto de Mouriño.

A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático evidencia a falla de vontade da Xunta por establecer garantías ambientais e de control. Algunhas das eivas máis flagrantes son as que teñen que ver coas augas ou co impacto paisaxístico do complexo.

No caso das augas, hai que destacar en primeiro lugar a falla de informes, tanto da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, como do Consorcio de Augas do Louro. É





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decir que as principais administracións afectadas non foron tidas en conta, cunha tramitación exprés de 30 días de consulta que non foi ampliado para subsanar estas eivas.

Antes a falla de avaliación do impacto nos recursos hídricos, as propias comunidades de augas encargan un informe técnico sobre o posible impacto, que conclúe alertando do grave impacto deste proxecto. Entre as posibles afeccións que detectan, destacan os risco de contaminación e a perda de capacidade de recarga dos acuíferos.

A primeira, está relacionada co feito de que as actividades a desenvolver producen lixivación de compostos químicos, coa incorporación de abonos e fitosanitarios nos campos de herba e, no caso dos campos artificiais, co feito de que a capa de caucho xera partículas en suspensión que se trasladan a cauces e acuíferos. Tamén coa drenaxe de augas pluviais de cubertas, viais, aparcadorios, que contén compoñentes da contaminación dos vehículos (aceites, combustible, partículas contaminantes)

A segunda, a perda de capacidade de recarga dos acuíferos, é unha previsible consecuencia pola ruptura do fluxo subsuperficial, xa que a escavación nos primeiros metros de terreo racharía coa continuidade dos acuíferos da ladeira que poden producir, augas abaixo, reducións drásticas na dispoñibilidade de auga nas captacións de escasa profundidade. Ao mesmo tempo produciríase unha perda de área de recarga, xa que actualmente as taxas de infiltración son relativamente altas, a pesar das fortes pendentes, grazas á importante masa de vexetación que existe. A súa destrución e a impermeabilización de importantes extensións se estima que pode supor unha perda de recarga nun ano seco de 68.000 m³ anuais. A recarga de acuíferos quedará mermada, segundo o estudo encargado, nun 35%, co risco que supón estas diminucións de caudal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, o informe alerta da nova concesión, que requiriría dun estudo por parte das autoridades da capacidade do ámbito de albergar estas novas demandas e para que estas sexan compatibles con garantir o abastecemento da poboación. Ante a falla de pronunciamento das Administracións competentes, sen unha avaliación ordinaria, a Xunta de Galiza non dispón da información suficiente para avaliar todos estes posibles impactos e riscos sobre as augas.

Tampouco os impactos a nivel paisaxísticos son fondamente estudados, xa que o impacto paisaxístico dos volumes propostos apenas se estuda. Neste sentido, tamén resulta chamativo o feito de que se insista por parte do promotor e da Xunta no feito de que a metade dos terreos xa fosen urbanizados, como forma de xustificar que a afectación é apenas a metade do proxectado. Obviando o feito de que se declarase ilegal esa primeira etapa construída.

Tampouco se estudan adecuadamente os impactos sobre os xacementos arqueolóxicos atopados, cun alto valor pola súa singularidade. Nin o efecto da diminución da masa forestal na área metropolitana de Vigo e a súa afectación como sumidoiro de carbono. Como tampouco se analiza o incremento dos niveis de ruído e faltan estudos rigorosos sobre os fluxos de mobilidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Proxecto e interese autonómico para a Factoría do Deporte Galego- Galicia Sports 360” e a solicitar e garantir todos os informes e trámites preceptivos.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carmela González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/07/2023 10:53:46

Carmela González Iglesias na data 13/07/2023 10:53:56

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2023 10:54:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de garantir a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afrontar a fin da violencia de xénero precisa dunha firme vontade política que asuma unha estratexia de planificación global nada desde o comezo dunha fomación educativa en igualdade.

Na actualidade son moitos os informes e estatísticas que confirman que é entre os menores de 18 anos onde está a medrar a violencia machista, desde a asunción dunha visión negacionista desta até a confección de discursos abertamente antifeministas.

Banalizar a violencia de xénero, ser incapaz de recoñecer actitudes machistas, propór substituír o concepto de violencia de xénero por violencia intrafamiliar ou doméstica ou mesmo afirmar que a violencia non ten xénero fai parte dun discurso social que procura retroceder os avances en materia de igualdade.

A educación en igualdade de xénero facía parte do currículo académico galego. Dicimos facía porque, sorprendentemente, a partir do vindeiro curso deixará de estar presente, xa que a Xunta acaba de eliminar a oferta desta materia optativa ao tempo que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorpora aos currículos de ESO e BAC tres novas materias: Cultura Financeira, Intelixencia Artificial para a Sociedade e Tecnoloxías Intelixentes.

Renunciar á formación do alumnado en igualdade de xénero é renunciar ao principio básico de educación nos valores do respecto, da tolerancia e da convivencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a garantir a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas cunha dotación horaria suficiente.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/07/2023 17:08:58

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 17:09:02

Mercedes Queixas Zas na data 13/07/2023 17:09:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación das persoas LGBT nos centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación do informe “Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza”, elaborado polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega apunta varias cuestións importantes a ter en conta en relación á situación das persoas LGBT no noso País. Neste estudo, partindo dunha investigación profunda sobre a realidade do colectivo, realízase unha diagnose das diferentes áreas, sinalando os desafíos que cómpre afrontar e tamén as iniciativas de referencia, e remata cunha serie de propostas e recomendacións para avanzar na igualdade e no recoñecemento da diversidade.

Os datos que se advirten sobre a situación actual é preocupante en varias áreas, sendo graves os datos obtidos en relación ao ámbito da educación, ata o punto de que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Isto ten consecuencias importantes, tanto a nivel do respecto aos dereitos humanos de toda a comunidade educativa e as aprendizaxes que disto se derivan, tamén fóra das aulas, como tamén desde a perspectiva do ensino. O estudo da FELGTB “Jóvenes trans en el sistema educativo” sinala nesta liña que o abandono escolar por motivo de transfobia é un dos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicionantes que caracterizan a situación de exclusión do mundo laboral que se presenta entre persoas trans adultas, ao presentar unhas cifras de remate da etapa de educación secundaria obrigatoria que resultan 17 puntos menor que a poboación xeral.

Algunhas das eivas recollidas no informe do CCG son a difícil aplicación das normativas e protocolos existentes para garantir a convivencia no espazo escolar por non ser estas ferramentas aplicables á pluralidade de situacións que teñen lugar nos centros de ensino ou directamente por non seren estas normas coñecidas. Tamén se salienta o clima de hostilidade cara ás persoas LGBT e as actividades dirixidas á sensibilización en normalización da diversidade sexual e de xénero, motivo polo que en moitas ocasións este campo quede suxeito á vontade persoal de cada profesional, e a escasa adecuación das iniciativas existentes, moi dependentes de días sinalados no calendario, aos diferentes contextos educativos, o que provoca que o impacto obtido sexa menor do desexado.

Resulta preocupante tamén a presenza da LGBTfobia nas aulas. O 64,5 % do alumnado de secundaria presenciou nas clases de Educación Física comportamentos homofóbicos entre o propio alumnado, chegando a sufrilo en primeira persoa en moitas ocasións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar un estudo sobre a situación das persoas LGBT no eido educativo galego, no que se avalíe o coñecemento da realidade LGBT e dos protocolos e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ferramentas existentes para evitar a discriminación, así como a presenza de LGBTfobia nos centros de ensino e as consecuencias da mesma.

2º.- Incorporar aos currículos escolares a perspectiva da diversidade sexual e de xénero en todas as etapas educativas.

3º.- Crear o papel de responsable de diversidade sexual e de xénero nos centros educativos, coa especificación do axente responsable e a definición das súas tarefas.

4º.- Elaborar e implantar unha guía de actuación que identifique as condutas LGBTfóbicas no ámbito escolar e o modo de proceder en cada caso. Esta guía ten que recoller os protocolos de actuación e ferramentas dispoñíbeis, así como medidas para avaliar e garantir o seu cumprimento.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 13/07/2023 17:30:05

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 17:30:09

Iria Carreira Pazos na data 13/07/2023 17:30:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a existencia de supostas irregularidades no rexistro de documentos polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Documentación achegada a este grupo parlamentario reflicte a posibilidade que se estean a producir graves irregularidades no rexistro de documento na Xunta de Galiza, nomeadamente en relación co Tribunal Administrativo de Contratación Pública (TACP).

Así, a resposta realizada polo TACP ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en relación co Procedemento Ordinario que, ao núm. 7241/2022, se seguía no devandito órgano xurisdiccional; estaba rexistrada con data 24 de febreiro de 2023, cando a sinatura da resolución administrativa era de 27 de febreiro, é dicir, tres días após da hipotética saída do documento da dependencia administrativa.

Igualmente dos documentos achegados a este grupo parlamentario desprendese a posibilidade de que lonxe de ser unha irregularidade puntual, púidose producir en máis ocasións. Nunha nova resolución de remisión de expediente administrativo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza expresa unha data de rexistro anterior á sinatura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

electrónica, o que suxire a posibilidade de que non se trate dun caso illado, senón que se producira en máis ocasións.

A gravidade que implicarían estas presuntas irregularidades fai preciso a súa investigación e comprobación para determinar tanto a súa veracidade como o alcance das mesmas para, no seu caso, establecer as medidas correctoras precisas.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as actuacións precisas para determinar, e no seu caso o alcance, a existencia de irregularidades no rexistro de saída de resolucións administrativas do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galiza, con data de sinatura posterior a data que consta no rexistro.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2023 17:52:53

Iria Carreira Pazos na data 13/07/2023 17:52:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/07/2023 17:53:08



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

O concello de Fisterra situado na Costa da Morte, provincia da Coruña e con 4.726 habitantes, conta no seu marco cun lugar chamado A Anchoa que dá nome a unha estrada, máis coñecida como a recta da Anchoa, que como o seu nome di é unha longa recta que nos anos 90 e 2000 sufriu unha edificación masiva incrementando de xeito considerable a poboación, sobre todo na época estival, debido a que moitos pisos e casas se habitan nesta época maioritariamente.

Así mesmo é a zona con máis vida, xa que alí se atopan radicados moitos negocios, como hoteis, farmacias, supermercados, etc., aos que acode a poboación asentada nese núcleo e tamén a veciñanza de núcleos máis achegados. É unha estrada cunha cuantiosa afluencia de tráfico cada día que circula a gran velocidade, que fai que en ocasións as persoas que teñen a necesidade de cruzar con “tranquilidade” tarden ata 15 minutos en facelo e que a maioría das veces nenas e nenos, que teñen que cruzar para coller o transporte escolar ou para volver ás súas casas logo da xornada escolar, maiores e demais persoas que teñen que acudir a mercar aos negocios que alí se atopan como farmacias, supermercados, restaurantes, etc., e tamén turistas que teñen que cruzar para poder acudir a praia, o claro atractivo turístico deste concello, arrisquen as súas vidas para poder facer este tipo de actividades, para poder levar a cabo a vida cotiá.



Nesta travesía, cuxas competencias pertencen a Xunta de Galicia e na que actualmente a velocidade está fixada en 70km/hora (que na maioría das ocasións non se respecta este límite) e que ademais se caracteriza por ser unha estrada cunha sinistralidade considerable xa que levan anos ocorrendo accidentes e atropelos con consecuencias nefastas, carece dalgún tipo de sinal de seguridade viaria como pode ser un paso de peóns ou algún mecanismo de redución de velocidade.

Con intención de paliar esta problemática, o Concello de Fisterra dende fai anos leva pedindo solucións á Xunta de Galicia. Visto as súas escusas sobre que tiña que haber beirarrúas, de que non era solo urbano, etc. O Concello de Fisterra, hai dous anos, encabezado polo alcalde socialista José Marcote, levaron a cabo o desenvolvemento do Plan xeral para aprobación de núcleo urbano, afectando tamén ese cambio de núcleo a Anchoa e polo tanto a súa travesía.

Tamén levaron a cabo un proxecto de proposta no cal solicitaron instalar 6 pasos de peóns, o límite de velocidade a 50km/hora tal e como lle corresponde logo de urbanizar a recta da Anchoa, farois para o paso de peóns e beirarrúas para maior seguridade veciñal.

Este proxecto, está incluído no Plan xeral e foi aprobado en Pleno en abril e o 10 de maio enviaron o dito proxecto á Xunta de Galicia.

Non obstante, conscientes de que a estrada é responsabilidade da Xunta de Galicia e coñecedores de que o Concello lle solicitou en varias ocasións autorización para realizar varias melloras na seguridade, pero que non houbo resposta por parte da Administración autonómica, asociacións de veciños da Anchoa e asociacións de pais e nais, solicitaron pasos de peóns á Xunta de Galicia e acudiron ao Concello reiteradas veces para mostrar interese polo seguimento desta situación.



Nesas reiteradas peticións tanto por parte do Concello coma das asociacións, á Xunta de Galicia deses pasos de peóns para solucionar a problemática de cruzar a beiravía, sempre se recibiron negativas (poñían desculpas de que tiña que haber beirarrúas, de que non era solo urbano, que xa se solucionou fai dous anos, etc.)

Sendo unha travesía moi transitada polo tráfico, con gran afluencia de xente tendo que cruzar por ela e como dicíamos antes, cunha gran sinistralidade con consecuencias graves, a desgraza volveu a ocorrer neste mes de xuño, cando un auto atropelaba mortalmente a un veciño que estaba cruzando a estrada.

Os feitos ocorreron o pasado 4 de xuño, cando un veciño de Fisterra duns 80 anos foi atropelado, ao redor das 18h, por un coche na dita recta da Anchoa, mentres estaba cruzando, ocasionándolle feridas graves na cadeira e na cabeza que non puido superar e que rematou co falecemento deste veciño, que fora brigadista do Concello e era da parroquia de Duio e moi coñecido e apreciado na localidade.

Este atropelo mortal non foi o único que ocorreu nesta travesía da Anchoa, anos atrás pasaba outro suceso similar co atropelo dunha muller, que tamén resultou ferida de gravidade e faleceu por esta causa.

Con motivo deste fatal accidente, a Asociación Cultural da Anchoa, fixo unhas declaracións e anunciou e realizou unha concentración, na que participaron veciñas e veciños de Fisterra, os partidos políticos do Concello e membros da Asociación, para exixir unha mellora da seguridade viaria, a berro de *Xunta escoita, Anchoa está de Loita*.

A Asociación Cultural da Anchoa, é unha entidade de Fisterra que promove todo tipo de actividades sociais e lúdicas, pero que en parte naceu no ano **1989**



como instrumento reivindicativo contra a alta inseguridade deste tramo de estrada. É a Asociación que se atopa activa contra esta loita e que segue acudindo ao Concello para mostrar o interese e continuar co legado pedindo máis seguridade para as veciñas e os veciños desta recta.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, ante a situación de sinistralidade vivida na recta da Anchoa (Fisterra) e as reiteradas peticións das súas usuarias e usuarios, adopte, de maneira inmediata, as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria e peonil desta estrada.

Parlamento de Galicia, 7 de xullo de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2023 12:00:11
Nº Rexistro: 55221
Data envío: 07/07/2023 12:00:11.511

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/07/2023 11:00:06

Patricia Otero Rodríguez na data 07/07/2023 11:00:34

Eduardo Ojea Arias na data 07/07/2023 11:00:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/07/2023 11:01:01

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
201528

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela funciona o servizo de oncoloxía pediátrica que atende, nos diferentes niveis e estadíos da enfermidade, a varias decenas de menores que son diagnosticados de cancro. Este servizo, dependente do servizo xeral de pediatría, ten un funcionamento certamente autónomo debido ao específico das doenzas e os pacientes sobre os que traballa.

Non en tanto nos últimos tempos vence producindo unha tendencia que vai facendo a esta área perder capacidade de funcionamento, cando o diagnóstico de patoloxías de oncoloxía pediátrica ven aumentando nos últimos anos. Así os facultativos que atenden esta unidade son 2, cando apenas poucos anos atrás eran 5, o que reduce a súa capacidade de acción e tamén provoca problemas de saturación, dificultade para organizar o propio funcionamento da atención (vacacións, días libres, etc). O persoal non facultativo sofre dos mesmos problemas e todo recae sobre a vontade e vocación dos profesionais que, sendo exemplares, non poden ofrecer máis do que xa entregan a súa labor.

Algúns problemas de funcionamento e organización do servizo teñen que ver tamén coa dificultade para ter posibilidades de formación específica por parte do persoal, que desenvolve esta labor por iniciativa propia, a custe propio e auto-organizándose para manterse en constante actualización o que, ao fin,



repercute nunha maior e mellor asistencia sanitaria a pacientes e familias. Outras labores como a perda de capacidade investigadora, que agora é imposible por parte do persoal do propio servizo pola dedicación absoluta ás labores asistenciais debido á falta de maior volume de persoal. Algunhas iniciativas que se desenvolven en Galicia veñen favorecidas por iniciativas persoais, como a de familiares de pacientes que realizan actividades solidarias que permitan obter fondos.

A situación do conxunto de oncoloxía pediátrica neste centro podería optimizarse no caso de poder mellorar en autonomía e entidade dentro da estrutura organizativa do centro. Ao igual que ocorre noutros sistemas sanitarios doutras comunidades autónomas, este caso tamén tivo a figura dun xefe de sección / servizo, que permitía ter un maior acceso e posibilidades de capacidade de decisión propia e de xestión de maiores recursos, tanto materiais como humanos. A xubilación do profesional que exercía ese rol foi aproveitada para eliminalo da estrutura, tendo dende entón menor peso organizativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a recoñecer a labor que están a facer os profesionais de oncoloxía pediátrica do CHUS, dotar dunha estrutura organizativa que permita ter maior autonomía e capacidade de acción dentro do propio centro no plano funcional e de recursos, así como facilitar o incremento progresivo de dotación material e persoal que contribúa a unha consolidación e mellora das potencialidades neste área asistencial.

Santiago de Compostela, 10 de xullo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 11:29:17
Nº Rexistro: 55273
Data envío: 10/07/2023 11:29:17.438

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2023 11:24:46

Noa Susana Díaz Varela na data 10/07/2023 11:24:56

Marina Ortega Otero na data 10/07/2023 11:25:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2023 11:25:19

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
201531

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sociedade galega agarda o novo modelo de atención residencial que o Goberno galego prometeu dentro dun modelo de atención xunto ao resto de recursos que garantan o maior tempo de autonomía e retraso da institucionalización das persoas maiores ou con dependencia. Lamentablemente tras dous anos de promesas, o Goberno galego non transformou as palabras en feitos.

Na actualidade a única novidade en prazas públicas en centros de atención residencial, vén da man de Amancio Ortega, e todo elo sen garantir por parte do goberno galego que a xestión de ditas residencias sexa directa en todas elas.

Unha das medidas sine qua non que deba garantir o Goberno galego para comezar a falar dun novo modelo de atención residencial, é a necesidade dun incremento substancial nos técnicos dos equipos de inspección, tendo en conta que somos das comunidades autónomas con maior porcentaxe de persoas maiores ou potencialmente dependentes e paradoxicamente somos das que menos técnicos de inspección ter para supervisar os centros de atención residencial. Dende o Grupo Parlamentario Socialista fixemos esta proposta en numerosas ocasións, tendo en conta que é unha necesidade urxente para blindar os dereitos das persoas maiores ou con dependencia e tamén co elo evitar a



competencia desleal contra os centros de atención residencial que cumpren escrupulosamente coa normativa ofrecendo atención de calidade.

As consecuencias desta e outras carencias páganas as persoas maiores que residen nos centros de atención residencial e as propias traballadoras e traballadores que en tantas ocasións teñen unha carga laboral indebida polo incumprimento das ratio e condicións laborais inferiores ás que lles corresponden.

Fai uns días os medios de comunicación publicaron a denuncia por parte das familias de usuarios/as dun centro de atención residencial ante a Consellería de Política Social. En concreto salientaban a carencia de persoal e menús de baixa calidade no centro Castro de Ribeiras de Lea, da rede de centros de Domus Vi, en Castro de Rei, centro con prazas concertadas a través da Xunta de Galicia e que conta con 172 prazas. En concreto as familias dos residentes denunciaba que o persoal do centro non erguía aos usuarios/as dependentes, debido á falta de traballadores que fai que teñan unha carga de traballo inasumible. Ademais de dita carencia, o cadro de persoal deste centro segundo indicas as familias, non cobren as baixas nin vacacións de ningún.

En canto ao tipo de alimentación que se lles proporciona aos/ás usuarios/as dende o centro, as familias que asinan solicitan á Consellería de Política Social do Goberno galego, que constate vía inspección toda a información en canto á mala calidade dos menús que ofrecen aos residentes.

Ademais de todo elo, as familias sospeitan que algúns residentes estiveran de xeito reiterado “baixo os efectos dalgunha sedación”, cuestión que ter que ser investigada por parte do goberno galego a través da inspección con urxencia.

Por tales cuestións, que de ser certas, estarían mermando gravemente o benestar e a saúde física e mental das persoas maiores residentes, dende o grupo socialista vemos a necesidade de que o Goberno galego responda varias



cuestións que clarifiquen o correcto funcionamento ou non de dito centro, así como o número exacto de técnicos de inspección específicos para supervisar os centros de atención residencial de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social a que incremente, de xeito urxente, o número de técnicos de inspección para a correcta supervisión dos centros de atención residencial e blindar, deste xeito, os dereitos das persoas maiores ou con dependencia, así como os dereitos laborais das traballadoras e traballadores de ditos centros e, con elo, evitar a competencia desleal contra os centros que cumpren a normativa e ofrecen coidados de calidade.

Santiago de Compostela, 10 de xullo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/07/2023 13:33:38

Patricia Otero Rodríguez na data 10/07/2023 13:33:53

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2023 13:34:06





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 13:39:04
Nº Rexistro: 55314
Data envío: 10/07/2023 13:39:04.704

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2023 13:34:14

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
201535

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Montserrat Prado Cores** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre as medidas a tomar diante da mortalidade de ameixa e longueirón cuxos restos apareceron na praia da Canteira na Illa de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días na praia da Canteira na Illa de Arousa apareceron unha grande cantidade de restos de ameixas e longueiróns, episodio que xa se producira a mediados do mes de xuño tamén na praia da Lanzada

Esta gran mortalidade fixo saltar de novo a preocupación entre o sector do mar, porque desgraciadamente non estamos diante dun problema puntual, senón que estes episodios son cada vez máis frecuentes.

Preocupación pola situación da ría de Arousa onde o saneamento da mesma sigue sendo unha asignatura pendente, a erradicación dos vertidos contaminantes e a garantía da calidade das súas augas están lonxe de ser unha realidade.

Neste contexto a finais de xuño a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, xunto con arredor de corenta colectivos vinculados co mar na ría de Arousa, entre os que se atopan confrarías de pescadores, asociacións de produtores de mexillón ou grupos ecoloxistas, veñen de dar a voz de alarma pola situación crítica na que se atopa a produción.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denuncian que o pasado ano experimentouse unha caída de até dous terzos nas vendas de ameixa babosa, fina e rubia, e o berberecho un cuarto da súa produción.

Esta mingua da produción leva parella a baixada da rendibilidade de millóns de euros, e polo tanto dos ingresos de miles de familias que viven do mar, especialmente do marisqueo e a perda de máis de mil permex no marisqueo da nosa ría nos últimos vinte anos.

A obriga da Xunta de Galiza é protexer as rías e adicar os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos precisos para investigar e vixiar as condicións ambientais, as verteduras, a calidade da depuración das augas e a calidade das augas dos ríos que alimentan as rías. A nosa ría ten o triste récord de ser a que máis vertidos ten de toda Galiza.

Non valen máis escusas e urxe a rexeneración integral das rías, a rexeneración urxente dos bancos marisqueiros e investigar as causas do máis que preocupante deterioro progresivo.

Este novo vertido pon en evidencia que o saneamento da ría de Arousa segue a ser unha asignatura pendente, erradicación dos vertidos contaminantes e a garantía da calidade das súas augas están lonxe de ser unha realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas en aras a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Determinar as causas da mortalidade de ameixa e longueirón cuxos restos apareceron por centos na praia da Canteira da Illa de Arousa e días antes tamén na Lanzada

2.- Poñer en marcha todas as accións precisas para reverter a situación de mortalidade do marisco, a falta de subministro de semente, a escaseza de capturas, a caída de ingresos e a perda de postos de traballo.”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 10:53:46

Rosana Pérez Fernández na data 11/07/2023 10:53:54



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Centrándonos nos datos de paro rexistrado, publicados o 4 de xullo polo Servizo Público de Emprego (SEPE), estes reflicten un aumento da afiliación de 8.145 persoas.

Tras varios meses consecutivos rexistrando incrementos, o número total de persoas afiliadas sitúase en 1.067.230. Pola súa banda, o desemprego volve caer este mes, concretamente en 5.410 persoas, contabilizando unha cifra total de 129.024, o mellor dato da serie histórica, dende 1996.

En canto á afiliación, dáse un crecemento sostido nos seis primeiros meses do ano, partindo de 1.031.000 e chegando aos 1.067.0000, 36.500 máis.

Comparando o primeiro semestre de 2023 co mesmo período de 2022, obtéñense en Galicia 14.500 empregos máis.

Tal como recolle sindicato UGT o máis destacable é que esta expansión do emprego está a darse a través do emprego de calidade de maneira que a reforma laboral segue, por tanto, despregando todo o seu potencial tras ano e medio desde a súa entrada en vigor, profundando na estabilización e a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras.



Unha mostra diso é que a temporalidade na afiliación continúa manténdose no mínimo histórico do 14 %. Ademais, o número de contratos indefinidos asinados neste mes continúa ascendendo, realizándose en xuño 22.993 contratos, e chegando a supoñer o 31,34 % do total de contratos rexistrados.

Así, aínda que o número total de contratos rexistrados é menor en comparación con anos anteriores, isto non é máis que unha mostra da estabilidade na que por fin se instaurou o mercado laboral español, que pasou a asentarse sobre a contratación indefinida e non sobre a concatenación sen fin de contratos temporais de moi curta duración.

Xérase emprego estable e de calidade así o está recoñecendo incluso o Partido Popular, que a rexeitou no seu momento co seu voto en contra no Parlamento, e que estivo descualificándoa e opoñéndose á súa aplicación desde a súa entrada en vigor, mesmo cun recurso de inconstitucionalidade

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 9,74 %, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, o que indica unha mellora de expectativas, e baixou no ano nun 17,95 %.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 4,01 % e nun 4,04 % entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 9,58 % entre os homes e o 7,65 % entre as mulleres.

Aínda así, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,93 % do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 76.035 mulleres, fronte a 52.989 homes.



En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos. Así, baixou un 3,96 % no primario; un 3,13 % na industria; o 3,27 % na construción; un 2,51 % no colectivo sen emprego anterior; e nun 4,42 % nos servizos.

No ano sucede o mesmo, baixa en todos. Baixa un 15,74 % no primario; o 12,15 % na industria; o 11,28 % na construción; e o 8 % no sector servizos; e no colectivo de sen emprego baixa o 1,88 %.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 3,1 % en Lugo; o 4,52 % en Pontevedra; o 4,22 % na Coruña; e o 2,42 % en Ourense.

No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 8,54 %; 9,12 % en Pontevedra; 7,95 % na Coruña; e o 7,84 % en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 31,34 %, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 42,3 %.

Realizáronse en xuño un total de 73.138 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 70,34 %, e do 59,43 %, no primario.

Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 30,12 %, e na industria, do 23,04 %.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 64,06 %, con 78.523 persoas beneficiarias. Deste total, 40.253 perciben subsidio e a renda activa de inserción, 4.688, ambas importes asistenciais, e tan só 33.582 prestacións contributivas, o 42,8 % do total.



A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.067.230 de media mensual, medrando un 0,77 % no mes e un 1,78 % no ano.

Por elo, vista a radiografía dos datos do paro rexistrado as organizacións sindicais UGT e CCOO instan o Partido Popular a retirar o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a reforma laboral, e por elo o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia acorda manifestar a súa vontade de opoñerse ao Recurso de Constitucionalidade presentado polo Partido Popular contra a reforma laboral e o seu apoio á retirada do mesmo.

Santiago de Compostela, 11 de xullo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/07/2023 10:12:51

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2023 10:13:04

Marina Ortega Otero na data 11/07/2023 10:13:13





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2023 11:10:40
Nº Rexistro: 55340
Data envío: 11/07/2023 11:10:40.234

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/07/2023 10:13:24

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
201543

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da unidade de oncoloxía pediátrica do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Universitario de Santiago de Compostela xa ten sido albo de numerosas críticas e reclamacións por parte de familias e persoal desde hai anos. Graves déficits materiais que conducían a cuartos con mobiliario en mal estado, carencias na infraestrutura ou incluso na instalación eléctrica, ou o escaso número de habitacións de illamento motivaron as queixas noutras ocasións.

Actualmente súmanselle a estas eivas – moitas das cales seguen sen solución, como sucede co reducido número de habitacións de illamento – un problema no persoal da unidade. Desde novembro de 2022, momento no que tiveron as primeiras entrevistas coa Consellería de Sanidade, as familias das crianzas ingresadas no servizo de oncoloxía pediátrica están a denunciar o déficit de persoal facultativo e de enfermería. A día de hoxe só están traballando dúas oncólogas das 5-6 que viñan sendo habituais, o que se engade á falta de estabilidade da enfermaría após a xubilación de varias das enfermeiras da unidade. Persoal que ademais está a sufrir unha gran precariedade laboral, pois moitas delas acumulan ducias de contratos temporais. Esta falta de persoal e a súa rotación está a ter importantes consecuencias, tanto sobre as que están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actualmente en activo, cunha importante sobrecarga laboral e un estrés constante, como tamén sobre as crianzas e as súas familias, que están a vivir con gran preocupación a repercusión que poida ter no que se refire á perda de calidade asistencial.

Actualmente oncoloxía pediátrica non conta con ningunha xefatura de sección que poida actuar como ente coordinador nin tampouco con plans de formación específicos para o persoal. A pesar da especificidade e da gravidade da patoloxía que se atende na unidade, a formación do persoal depende unicamente da vontade persoal, o que se traduce nunha grande inequidade e nun empeoramento das súas condicións, pois ten que realizarse fóra do horario laboral.

Esta situación agrávase ao ter en conta que este servizo é de referencia para moitos casos graves, o que pon máis de relevo as eivas a pesar do gran esforzo das profesionais por manter constantemente unha atención de calidade para as crianzas ingresadas e as súas familias.

A persistencia de moitos dos déficits que xa levan varios anos sendo denunciados sen que se produza ningún movemento por parte do Sergas para solucionarlos podería interpretarse como falta de vontade para a resolución. Ademais, cómpre enmarcalos na grave crise que está a sufrir a pediatría a nivel galego, con falta de cobertura na Atención Primaria dunha boa parte dos concellos do noso País..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º.- Iniciar de inmediato o procedemento para designar unha xefatura de sección de oncoloxía pediátrica, con autonomía e capacidade de xestión e coordinación.

2º.- Proceder á estabilización do equipo de oncoloxía pediátrica a través da contratación estable do persoal, tanto facultativo coma de enfermería ou outro que sexa preciso para manter a calidade asistencial e as condicións de traballo axeitadas.

3º.- Elaborar e presentar antes de que remate o presente período de sesións un plan de formación para o persoal da unidade, tanto facultativo coma non facultativo, de acordo ás súas propias necesidades. Para a elaboración deste plan teranse en conta as suxestións e recomendacións do persoal. ”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/07/2023 09:55:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 09:55:36

Olalla Rodil Fernández na data 11/07/2023 09:55:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do hospital Gil Casares, en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Gil Casares construído a comezos do século XX atópase a día de hoxe nun estado ruinoso. Despois de múltiples propostas para dotalo de novos usos e un paulatino proceso de perda de servizos, profesionais e pacientes, a día de hoxe este centro aínda alberga consultas e despachos, así como unidades de hospitalización.

Durante anos, negáronse reformas e melloras claramente necesarias baixo diferentes pretextos atendendo a eses proxectos de diferentes usos. Tras todo ese desleixo, a día de hoxe contamos cun hospital nun estado claramente ruinoso, con humidades, fiestras en mal estado, problemas no chan, na calefacción, nos baños das habitacións, e un longo etcétera, chegando a presentar áreas que levan tempo apuntaladas. Sen ir máis lonxe, o pasado 9 de maio saltou a noticia do completo desprendemento do teito dun dos cuartos de hospitalización que estaban en uso, coa fortuna de que a persoa que o ocupaba non chegou a sufrir ningún dano. Mais hai só 5 días volveu a ter lugar un suceso similar, co desprendemento de parte do teito dun cuarto sobre unha persoa que estaba ingresada.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta evidente o estado de completo abandono que a Xerencia de Santiago de Compostela ten sobre este centro, no que se acumulan décadas de desleixo e falta de actuacións. Ademais das importantes consecuencias físicas que ten este abandono para pacientes e persoal, con riscos evidentes para a súa integridade, tamén ten impacto sobre a súa saúde mental e emocional. Nun contexto evidente de falta de camas na área sanitaria, con pacientes que agardan horas en urxencias para poderen ingresar nunha planta de hospitalización resulta, cando menos, contradictorio, manter nestas condicións ruinosas o Hospital Gil Casares. Falta de camas á que se lle suma o peche decretado por parte da Xerencia da área sanitaria, a pesar das importantes listas de espera existentes a día de hoxe na sanidade pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a acometer todas as actuacións precisas para a rehabilitación e recuperación do Hospital Gil Casares, garantindo o bo estado da infraestrutura e posibilitando deste xeito o seu uso como unidade de hospitalización ou de consultas externas, segundo as necesidades existentes no CHUS.”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/07/2023 12:08:27

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 12:08:43

Olalla Rodil Fernández na data 11/07/2023 12:08:52



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**

A día de hoxe a situación do sistema sanitario público no concello de Frades é insostible, derivado do abandono e a falla de planificación da Consellería de Sanidade nos derradeiros anos. Este municipio rural do interior coruñés cunha superficie de preto de 82 km² está distribuído en doce parroquias e conta con dous núcleos que son os máis poboados, Ponte Carreira e Abellá, no que viven 2.302 veciños e veciñas, destes un 32 % teñen máis de 65 anos.

Segundo os propios datos da páxina web do Sergas, o concello de Frades ten dous centros médicos separados por máis de 9 km de distancia, un centro de saúde en Ponte Carreira, onde deberían de traballar 2 médicos/as, 2 enfermeiros/as, 1 pediatra e 1 administrativo/a e tamén ten un consultorio local na parroquia de Abellá, onde debería traballar 1 médico/a e 1 enfermeiro/a.

En marzo de 2020 o consultorio de Abellá quedou sen médico e a poboación do concello tiña que se desprazar ao Centro de Saúde de Ponte Carreira, unha situación que a Consellería de Sanidade dixo que se corruxiría unha vez pasada a pandemia, pero foron todo palabras xa que, a día de hoxe, o consultorio ten só un enfermeiro/a e pecha os meses de verán.

O Centro de Saúde de Ponte Carreira quedou cunha soa médica ao xubilarse un dos médicos e esta traballa 9 meses por ano, ao ter dereito a 3 meses de excedencia nos que se dedica a outra dedicación, ademais non conta co



servizo de pediatría dende hai moito tempo e os rapaces e rapazas teñen que se desprazaren ao Centro de Saúde de Ordes.

Para suplir a xubilación do médico, o Sergas está a cubrir día a día, sen planificación, con profesionais que se achegan a facer medias xornadas de 4 horas e provocan unhas listas de espera desesperantes na atención primaria da cidadanía de Frades. Nunha visita ao centro de saúde a finais de Xuño puidemos observar como unha paciente nos contaba que lle deran cita para pedir receitas o día 21 de xullo ou outro paciente que abría a aplicación do Sergas diante de nós e só tiña dispoñible en todo o mes, dúas horas de citas os días 18 e 19 de xullo.

Esta situación non é algo que colla de sorpresa á consellería, posto que Frades leva meses sen médico en Abellá e sen pediatra en Ponte Carreira, e neste centro xa se sabía que un dos médicos estaba en prórroga para a súa xubilación ata os 70 anos e a médico leva tempo pedindo a excedencia á que ten dereito durante tres meses ao ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Cubrir inmediatamente a praza do médico xubilado no Centro de Saúde de Ponte Carreira e planificar a cobertura dos períodos de excedencia da outra médico.
2. Restablecer a praza de médico no consultorio de Abellá.

Parlamento de Galicia, 12 de xullo de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2023 17:59:46
Nº Rexistro: 55488
Data envío: 12/07/2023 17:59:46.740

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 12/07/2023 15:54:57

Julio Torrado Quintela na data 12/07/2023 15:55:26

Marina Ortega Otero na data 12/07/2023 15:55:42

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
201553

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a tramitación do Proxecto de Interese Autonómico Factoría do deporte galego Galicia Sports 360 en Mos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza e o Concello de Mos veñen promovendo e facilitando o pelotazo urbanístico que pretende levar adiante o presidente Mouriño coa Cidade Deportiva do Real Club Celta. Este macroproxecto sitúase no alto dun dos montes dese concello procurando unha localización sobre solo de monte comunal cunhas grandes vistas sobre a Ría de Vigo que permitirían ao empresario obter unha grande revalorización coa operación. O proxecto non se limita aos usos deportivos, senón que se asenta economicamente sobre outros usos como os hoteleiros, comerciais, hosteleiros, etc.

A primeira estratexia para lograr sacar adiante este pelotazo e darlle cobertura legal, consistiu nun arranxo entre o empresario e o Concello de Mos, gobernado polo PP, para a modificación do seu PXOM.

Pero o proxecto tiña e ten un impacto tan lesivo e tan evidente no territorio, que bateu cun informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático que reunía unha chea de obxeccións de numerosos organismos. Por exemplo, o Instituto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estudos do Territorio sinala un grave impacto paisaxístico. Dende Mobilidade dise que a localización contradí un modelo de mobilidade sostible e que se leva por diante a cohesión do sistema urbano. Igualmente dende a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo advirten que a expropiación de terreos en mancomún non se xustifica neste caso e que a destrución desta masa forestal no alto do monte supón un perigo ambiental, porque é precisamente esa masa forestal a que está a protexer o solo e os recursos hídricos.

Despois deste primeiro fracaso, viu un segundo intento consistente en trocar o proxecto en pequenas partes para que parecece menos lesivo. Esta fragmentación do proxecto permitiu a Concello e Xunta posicionarse cun “ti vaille dando aos poucos que logo xa iremos amañando.” Desta forma comezaron a construírse os primeiros campos e infraestruturas.

Pero o proxecto volveu levar un novo batacazo, desta vez foi contra o TSXG, que ratificou que estas primeiras obras eran ilegais e observa fragmentación fraudulenta da totalidade do proxecto.

Este mes de abril, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de desestimar o recurso de casación cursado polo concello de Mos e confirma así o ditame anterior sobre a construción ilegal da cidade deportiva do Celta.

As diferentes declaracións, tanto do actual como do anterior presidente da Xunta de Galiza, sobre as bondades deste macroproxecto comercial en terreos comunais, contrasta coas evasivas por parte dos mesmos sobre as reiteradas sentenzas xudiciais que confirman que a cidade deportiva do Celta é ilegal. Resulta inadmisíble que ante esta sentenza o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, afirme que a Xunta vai procurar a súa legalización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actuación por parte da Administración Pública debera ser a de velar polas máximas garantías ambientais na tramitación e non na utilización das súas potestades de forma fraudulenta nun claro exercicio de desvío de poder.

Ante esta nova confirmación de que a construción do edificio actual de case 3.000 metros cadrados sobre solo rústico de especial protección fixéronse de forma ilegal, o que debera facer a Xunta de Galicia, e así llo esiximos dende o Bloque Nacionalista Galego, é unha pronta execución e restitución da legalidade urbanística e o respaldo por parte da Xunta de Galiza ao cumprimento de dita sentenza.

Mais en lugar de situarse do lado da xustiza, a Xunta de Galiza novamente trata de buscar novas vías que faciliten os intereses de Mouriño a toda costa. Dun lado, o Pleno do Concello de Mos impulsa a aprobación do plan urbanístico que pretende legalizar a primeira fase construída. Doutro, dende a Xunta, tamén hai unha implicación directa para que o clube logre sacar a toda costa o seu proxecto. Segundo coñecemos polo propio Celta, mediante un comunicado emitido o 9 de agosto, este anunciaba que a Xunta declararaba a ampliación do proxecto RC Celta Galicia Sports 360, nos montes de Mos, como proxecto de interese autonómico.

Na nota de prensa do clube gábanse, por adiantado, do importante respaldo que iría supor esta declaración para o seu proxecto. Tres meses despois do anuncio do Celta, o 10 de novembro dese ano, o Consello da Xunta de Galiza declara de interese autonómico o proxecto denominado “Factoría do Deporte Galego- Galicia Sports 360”. Efectivamente, tal e como anunciara Mouriño, esta declaración vai permitir ao clube grandes facilidades legais e na tramitación coas que sortear a grande oposición que xera este proxecto e o seu difícil encaixe legal.

Por unha banda, a declaración de interese autonómico afectaría ao desenvolvemento xa existente declarado ilegal pola xustiza, primeiro polo xulgado de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra e logo ratificado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Por outra, a declaración tamén pode ter como finalidade buscar un subterfuxio legal para expropiar o monte comunal, incluso a aqueles comuneiros que se opoñen ao proxecto e para lograr unha tramitación exprés sen garantías.

Como podemos deducir, a declaración de interese autonómico é empregada novamente como instrumento para favorecer os intereses privados dunha empresa perante os intereses colectivos. Demóstrase unha vez máis que este mecanismo é, na práctica, unha forma de facilitar unha vía legal coa que a Xunta pretende sortear o marco normativo en favor de intereses amigos.

Así, en febreiro deste ano a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático recibía un escrito da Secretaría Xeral para o deporte no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada de dito proxecto, achegando para tal fin o documento ambiental estratéxico e o borrador do proxecto de interese autonómico redactado polo promotor. E en maio deste ano, a Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolvía non someter dito proxecto ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria por non prever efectos ambientais significativos. É dicir, novamente a Xunta de Galiza facilita a falla de controis ambientais que puideran limitar a implantación do proxecto de Mouriño.

A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático evidencia a falla de vontade da Xunta por establecer garantías ambientais e de control. Algunhas das eivas máis flagrantes son as que teñen que ver coas augas ou co impacto paisaxístico do complexo.

No caso das augas, hai que destacar en primeiro lugar a falla de informes, tanto da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, como do Consorcio de Augas do Louro. É





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decir que as principais administracións afectadas non foron tidas en conta, cunha tramitación exprés de 30 días de consulta que non foi ampliado para subsanar estas eivas.

Antes a falla de avaliación do impacto nos recursos hídricos, as propias comunidades de augas encargan un informe técnico sobre o posible impacto, que conclúe alertando do grave impacto deste proxecto. Entre as posibles afeccións que detectan, destacan os risco de contaminación e a perda de capacidade de recarga dos acuíferos.

A primeira, está relacionada co feito de que as actividades a desenvolver producen lixiviación de compostos químicos, coa incorporación de abonos e fitosanitarios nos campos de herba e, no caso dos campos artificiais, co feito de que a capa de caucho xera partículas en suspensión que se trasladan a cauces e acuíferos. Tamén coa drenaxe de augas pluviais de cubertas, viais, aparcadorios, que contén compoñentes da contaminación dos vehículos (aceites, combustible, partículas contaminantes)

A segunda, a perda de capacidade de recarga dos acuíferos, é unha previsible consecuencia pola ruptura do fluxo subsuperficial, xa que a escavación nos primeiros metros de terreo racharía coa continuidade dos acuíferos da ladeira que poden producir, augas abaixo, reducións drásticas na dispoñibilidade de auga nas captacións de escasa profundidade. Ao mesmo tempo produciríase unha perda de área de recarga, xa que actualmente as taxas de infiltración son relativamente altas, a pesar das fortes pendentes, grazas á importante masa de vexetación que existe. A súa destrución e a impermeabilización de importantes extensións se estima que pode supor unha perda de recarga nun ano seco de 68.000 m³ anuais. A recarga de acuíferos quedará mermada, segundo o estudo encargado, nun 35%, co risco que supón estas diminucións de caudal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, o informe alerta da nova concesión, que requiriría dun estudo por parte das autoridades da capacidade do ámbito de albergar estas novas demandas e para que estas sexan compatibles con garantir o abastecemento da poboación. Ante a falla de pronunciamento das Administracións competentes, sen unha avaliación ordinaria, a Xunta de Galiza non dispón da información suficiente para avaliar todos estes posibles impactos e riscos sobre as augas.

Tampouco os impactos a nivel paisaxísticos son fondamente estudados, xa que o impacto paisaxístico dos volumes propostos apenas se estuda. Neste sentido, tamén resulta chamativo o feito de que se insista por parte do promotor e da Xunta no feito de que a metade dos terreos xa fosen urbanizados, como forma de xustificar que a afectación é apenas a metade do proxectado. Obviando o feito de que se declarase ilegal esa primeira etapa construída.

Tampouco se estudan adecuadamente os impactos sobre os xacementos arqueolóxicos atopados, cun alto valor pola súa singularidade. Nin o efecto da diminución da masa forestal na área metropolitana de Vigo e a súa afectación como sumidoiro de carbono. Como tampouco se analiza o incremento dos niveis de ruído e faltan estudos rigorosos sobre os fluxos de mobilidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Proxecto e interese autonómico para a Factoría do Deporte Galego- Galicia Sports 360” e a solicitar e garantir todos os informes e trámites preceptivos.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carmela González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2023 10:55:33

Alexandra Fernández Gómez na data 13/07/2023 10:55:39

Carmela González Iglesias na data 13/07/2023 10:55:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a necesidade de retirar as gaiolas de ollomol abandonadas na ría de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que é noticia o abandono no mar de gaiolas de cría de peixe por parte de diferentes empresas propietarias.

Aconteceu coas gaiolas de cría de salmón que a empresa norueguesa North West Food, malia ao rexeitamento do sector, trasladara no ano 2011 dende a ría de Arousa á ría de Muros e Noia.

Unhas gaiolas abandonadas pola empresa dende o ano 2013 que o único que fan no mar é contaminar, impedir a normalidade do traballo dos profesionais que faenan perto e manter o risco de danos e accidentes.

A retirada das estruturas foi solicitada en múltiples ocasións polos profesionais do mar e tamén a través de diversas iniciativas deste Grupo parlamentario sen que ata o de agora se teña procurado unha solución completa e definitiva.

Aínda sen resolver esta situación, os medios de comunicación acaban de dar noticia da chegada á costa de Sada (A Coruña) de varias gaiolas de ollomol pertencentes á empresa Isidro de la Cal e abandonadas na ría desde hai tres anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis de 40 gaiolas de piscifactoria de grandes dimensións, até 25 metros de diámetro, pertencentes a unha empresa na actualidade quebrada que supoñen un novo risco para as persoas e unha nova degradación para o mar á que a Consellería do Mar debe procurar unha solución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a proceder, sen máis dilación, á retirada das estruturas das gaiolas de ollomol que permanecen na ría de Sada.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/07/2023 16:40:35





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 13/07/2023 16:40:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de garantir a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afrontar a fin da violencia de xénero precisa dunha firme vontade política que asuma unha estratexia de planificación global nada desde o comezo dunha fomación educativa en igualdade.

Na actualidade son moitos os informes e estatísticas que confirman que é entre os menores de 18 anos onde está a medrar a violencia machista, desde a asunción dunha visión negacionista desta até a confección de discursos abertamente antifeministas.

Banalizar a violencia de xénero, ser incapaz de recoñecer actitudes machistas, propór substituír o concepto de violencia de xénero por violencia intrafamiliar ou doméstica ou mesmo afirmar que a violencia non ten xénero fai parte dun discurso social que procura retroceder os avances en materia de igualdade.

A educación en igualdade de xénero facía parte do currículo académico galego. Dicimos facía porque, sorprendentemente, a partir do vindeiro curso deixará de estar presente, xa que a Xunta acaba de eliminar a oferta desta materia optativa ao tempo que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorpora aos currículos de ESO e BAC tres novas materias: Cultura Financeira, Intelixencia Artificial para a Sociedade e Tecnoloxías Intelixentes.

Renunciar á formación do alumnado en igualdade de xénero é renunciar ao principio básico de educación nos valores do respecto, da tolerancia e da convivencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a garantir a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas cunha dotación horaria suficiente.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 13/07/2023 17:07:44

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 17:07:48

Olalla Rodil Fernández na data 13/07/2023 17:07:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación das persoas LGBT nos centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación do informe “Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza”, elaborado polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega apunta varias cuestións importantes a ter en conta en relación á situación das persoas LGBT no noso País. Neste estudo, partindo dunha investigación profunda sobre a realidade do colectivo, realízase unha diagnose das diferentes áreas, sinalando os desafíos que cómpre enfrontar e tamén as iniciativas de referencia, e remata cunha serie de propostas e recomendacións para avanzar na igualdade e no recoñecemento da diversidade.

Os datos que se advirten sobre a situación actual é preocupante en varias áreas, sendo graves os datos obtidos en relación ao ámbito da educación, ata o punto de que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Isto ten consecuencias importantes, tanto a nivel do respecto aos dereitos humanos de toda a comunidade educativa e as aprendizaxes que disto se derivan, tamén fóra das aulas, como tamén desde a perspectiva do ensino. O estudo da FELGTB “Jóvenes trans en el sistema





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativo” sinala nesta liña que o abandono escolar por motivo de transfobia é un dos condicionantes que caracterizan a situación de exclusión do mundo laboral que se presenta entre persoas trans adultas, ao presentar unhas cifras de remate da etapa de educación secundaria obrigatoria que resultan 17 puntos menor que a poboación xeral.

Algunhas das eivas recollidas no informe do CCG son a difícil aplicación das normativas e protocolos existentes para garantir a convivencia no espazo escolar por non ser estas ferramentas aplicables á pluralidade de situacións que teñen lugar nos centros de ensino ou directamente por non seren estas normas coñecidas. Tamén se salienta o clima de hostilidade cara ás persoas LGBT e as actividades dirixidas á sensibilización en normalización da diversidade sexual e de xénero, motivo polo que en moitas ocasións este campo quede suxeito á vontade persoal de cada profesional, e a escasa adecuación das iniciativas existentes, moi dependentes de días sinalados no calendario, aos diferentes contextos educativos, o que provoca que o impacto obtido sexa menor do desexado.

Resulta preocupante tamén a presenza da LGBTfobia nas aulas. O 64,5 % do alumnado de secundaria presenciou nas clases de Educación Física comportamentos homofóbicos entre o propio alumnado, chegando a sufrilo en primeira persoa en moitas ocasións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º.- Realizar un estudo sobre a situación das persoas LGBT no eido educativo galego, no que se avalíe o coñecemento da realidade LGBT e dos protocolos e ferramentas existentes para evitar a discriminación, así como a presenza de LGBTfobia nos centros de ensino e as consecuencias da mesma.

2º.- Incorporar aos currículos escolares a perspectiva da diversidade sexual e de xénero en todas as etapas educativas.

3º.- Crear o papel de responsable de diversidade sexual e de xénero nos centros educativos, coa especificación do axente responsable e a definición das súas tarefas.

4º.- Elaborar e implantar unha guía de actuación que identifique as condutas LGBTfóbicas no ámbito escolar e o modo de proceder en cada caso. Esta guía ten que recoller os protocolos de actuación e ferramentas dispoñíbeis, así como medidas para avaliar e garantir o seu cumprimento.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/07/2023 17:28:39

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 17:28:49

Ana Pontón Mondelo na data 13/07/2023 17:28:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a existencia de supostas irregularidades no rexistro de documentos polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Documentación achegada a este grupo parlamentario reflicte a posibilidade que se estean a producir graves irregularidades no rexistro de documento na Xunta de Galiza, nomeadamente en relación co Tribunal Administrativo de Contratación Pública (TACP).

Así, a resposta realizada polo TACP ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en relación co Procedemento Ordinario que, ao núm. 7241/2022, se seguía no devandito órgano xurisdiccional; estaba rexistrada con data 24 de febreiro de 2023, cando a sinatura da resolución administrativa era de 27 de febreiro, é dicir, tres días após da hipotética saída do documento da dependencia administrativa.

Igualmente dos documentos achegados a este grupo parlamentario desprendese a posibilidade de que lonxe de ser unha irregularidade puntual, púidose producir en máis ocasións. Nunha nova resolución de remisión de expediente administrativo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza expresa unha data de rexistro anterior á sinatura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

electrónica, o que suxire a posibilidade de que non se trate dun caso illado, senón que se producira en máis ocasións.

A gravidade que implicarían estas presuntas irregularidades fai preciso a súa investigación e comprobación para determinar tanto a súa veracidade como o alcance das mesmas para, no seu caso, establecer as medidas correctoras precisas.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as actuacións precisas para determinar, e no seu caso o alcance, a existencia de irregularidades no rexistro de saída de resolucións administrativas do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galiza, con data de sinatura posterior a data que consta no rexistro.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/07/2023 17:50:35

Iria Carreira Pazos na data 13/07/2023 17:50:45

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2023 17:50:58



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, dou traslado, segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de **xuño** de 2023.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Xuño 2023

1. TRANSFERENCIA ORDINARIA

1.1. EXPEDIENTE TR-04-005-23

(Código exp. CODEX TR-2023-173-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral de Medios. (001.04.20)

1.1.1. Descrición

Transferencia de crédito entre subconceptos do capítulo IV do orzamento de gastos da Secretaría Xeral de Medios por importe de 9.876,00 euros, para o financiamento dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.20..461A.4440	Axudas para a formación en comunicación	2015.00044	1010	N	9.876,00	0,00

1.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.20..461A.4800	Bolsas de apoio á formación en comunicación	2015.00044	1010	N	9.876,00	0,00

1.2. EXPEDIENTE TR-04-006-23

(Código exp. CODEX TR-2023-175-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral de Emigración. (001.04.30)

1.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de douscentos oitenta e oito mil setecentos vinte e tres euros (288.723,00 €) entre aplicacións orzamentarias correspondentes aos capítulos II e IV do programa de gasto 312C, "servizos sociais relativos ás migracións", e pertencentes á Secretaría Xeral da Emigración para actuacións relacionadas coa Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.30..312C.22607	Actuacións de apoio a Oficina de Asesoramento ao Retorno	2023.00239	1020	S	115.489,00	0,00
001	27	04.30..312C.22607	Actuacións de apoio a Oficina de Asesoramento ao Retorno	2023.00239	4350	S	173.234,00	0,00

1.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.30..312C.4700	Fomento do autoemprego e da actividade emprendedora dos	2023.00001	1020	S	115.489,00	0,00
001	27	04.30..312C.4700	Fomento do autoemprego e da actividade emprendedora dos	2023.00001	4350	S	173.234,00	0,00

1.3. EXPEDIENTE TR-05-013-23

(Código exp. CODEX TR-2023-201-00100009)



ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Comercio e Consumo (001.05.04)

1.3.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 774.466,89 €, dende a aplicación de financiamento de gastos de capital do IGAP, programa 741A, ao capítulo VI da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, programa 751A, co obxecto de amparar a revisión excepcional de prezos do contrato de obras de ampliación das instalacións do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi). Fondos propios da Comunidade Autónoma.

1.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.04..751A.6220	Edificios e outras construcións	2017.00022	1010	N	774.466,89	0,00

1.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.01..741A.73205	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONOMICA	2015.00282	1010	N	774.466,89	0,00

1.4. EXPEDIENTE TR-05-014-23

(Código exp. CODEX TR-2023-199-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.05.01)

1.4.1. Descrición

Transferencia de crédito entre conceptos dos capítulo I e VI do programas 751A do vixente orzamento de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación por importe de 53.708,54 euros, para facer fronte ás retribucións do persoal interino por acumulación de tarefas no grupo de traballo autorizado para a xestión de fondos da compoñente 13 "Impulso a Peme" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

1.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.04..751A.12024	ACUMULACIO...	2022.00210	4620	S	53.708,54	0,00

1.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.04..751A.6405	FONDO TECNOLÓGICO MRR. ASISTENCIA	2022.00210	4620	S	53.708,54	0,00

1.5. EXPEDIENTE TR-05-015-23

(Código exp. CODEX TR-2023-199-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.05.01)

1.5.1. Descrición



Transferencia de crédito por importe de cento nove mil vintedous euros e noventa e seis céntimos (109.022,96) € entre conceptos orzamentarios dos Capítulos IV e VII do programa 561A do estado de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, para manter o equilibrio orzamentario das transferencias internas á Axencia Galega de Innovación ao incrementar esta o crédito do Proxecto "Programa Oportunus" en gastos correntes e baixando en capital, como consecuencia da transferencia e ampliación de crédito que se tramitan simultaneamente en dita axencia.

1.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.01..561A.43207	Axencia Galega de Innovación	2015.00281	1010	N	109.022,96	305.485,48

1.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.01..561A.73207	Axencia Galega de Innovación	2015.00281	1010	N	109.022,96	305.485,48

1.6. EXPEDIENTE TR-05-016-23

(Código exp. CODEX TR-2023-314-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral de Industria (001.05.02)

1.6.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 100.000 €, desde a aplicación de financiamento de gastos de capital do IGAPPE, programa 741A, ao capítulo VI da Secretaría Xeral de Industria, programa 732A, co obxecto de impulsar o Plan de Acción de Promoción Industrial de Galicia a través da creación dunha Oficina Técnica que deberá asumir unha serie de funcións dirixidas a acadar os obxectivos deste. Fondos propios da Comunidade Autónoma.

1.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.02..732A.6408	ESTRATEGIA PARA A IMPLANTACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE PROXECTO	2023.00006	1010	N	100.000,00	0,00

1.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.01..741A.73205	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONOMICA	2015.00282	1010	N	100.000,00	0,00

1.7. EXPEDIENTE TR-05.A2-004-23

(Código exp. CODEX TR-2023-4-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	GAIN (304)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

1.7.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 82.593,15 € entre conceptos orzamentarios dos capítulos VI e I do programa 561A do estado de gastos da Axencia Galega de Innovación, co fin de contratar persoal investigador no marco do programa Oportunus.

1.7.2. Partidas orzamentarias de destino



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	05.A2..561A.13100	Retribucións básicas	2016.00014	1010	N	82.593,15	231.428,40

1.7.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	05.A2..561A.6400	Investimentos inmateriais en I+D+i	2016.00014	1010	N	82.593,15	231.428,40

1.8. EXPEDIENTE TR-05.A3-001-23

(Código exp. CODEX TR-2023-11-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	INEGA (407)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

1.8.1. Descrición

Transferencia de crédito, por importe de un millón cento corenta e nove mil catrocentos oitenta euros (1.149.480,00 €), entre subconceptos incluídos no capítulo VII do programa 733A do orzamento de gastos do Inega, para atender o traspaso do compromiso de gasto contraído con cargo ao exercicio 2023, polo acordo de colaboración subscrito co Servizo Galego de Saúde, co fin de desenvolver diversos proxectos de enerxías renovables nos centros de saúde de atención primaria da rede do Sistema público de saúde de Galicia.

1.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	05.A3..733A.73007	Transferencias de capital ao Servizo Galego de Saúde	2018.00005	4130	S	1.071.360,00	0,00
407	10	05.A3..733A.73007	Transferencias de capital ao Servizo Galego de Saúde	2018.00006	4130	S	78.120,00	0,00

1.8.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	05.A3..733A.7811	Axudas biomasa	2018.00005	4130	S	1.071.360,00	0,00
407	10	05.A3..733A.7816	Axudas a outras enerxías renovables de usos térmicos	2018.00006	4130	S	78.120,00	0,00

1.9. EXPEDIENTE TR-05.A3-002-23

(Código exp. CODEX TR-2023-11-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	INEGA (407)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

1.9.1. Descrición

Transferencia de crédito, por importe de oitenta e seis mil cincocentos vinte euros (86.520,00 €), entre subconceptos incluídos no capítulo VII do programa 733A do orzamento de gastos do Inega, para atender o traspaso do compromiso de gasto contraído con cargo ao exercicio 2023, polo convenio subscrito co Servizo Galego de Saúde, co fin de desenvolver diversos proxectos de enerxías renovables de xeración eléctrica, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

1.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	05.A3..733A.73007	Transferencias de capital ao Servizo Galego de Saúde	2021.00001	4130	S	86.520,00	0,00



1.9.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	05.A3..733A.7817	Axudas a enerxías renovables de xeración eléctrica	2021.00001	4130	S	86.520,00	0,00

1.10. EXPEDIENTE TR-06-017-23

(Código exp. CODEX TR-2023-179-00100009)

Ampliación por importe de coarenta e seis mil douscentos vinte e oito euros e trece céntimos (46.228,13 €) que ten por finalidade a dotación de crédito do Capítulo VI da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), correlativa á xeración de crédito polo mesmo importe na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, así como o cambio de modalidade de financiamento (de 1010 a 1020) do importe preciso (15.409,37 €) para cofinanciar a xeración de crédito, todo elo con base na aprobación do proxecto PROTEMPO do que a AXEGA é beneficiario principal, pertencente á 6ª convocatoria de acción de capitalización do programa INTERREG V-A España Portugal 2014-



2020.

5.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
402	10	06.A1...212A.6407	Xestión Emerxencias Transfronteirizas	2023.00002	5410	S	46.228,13	0,00

5.4. EXPEDIENTE AM-08.80-001-23

(Código exp. CODEX AM-2023-54-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IET (111)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

5.4.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de oitenta e dous mil nove centos vinte e oito (82.928,00€) en subconceptos do capítulo I, II e VI do programa 541E do orzamento de gastos do Instituto de Estudos do Territorio, co obxecto de financiar as actividades do proxecto europeo "Green Infrastructure for forest and trees - GIFT", aprobado no ámbito do Programa de Cooperación Territorial Europeo Interreg Europe 2021-2027 e financiado nun 80% por fondos FEDER.

5.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
111	10	08.80..541E.12000	Retribucións básicas. Soldos subgrupo A1	2023.00001	5420	S	27.537,85	0,00
111	10	08.80..541E.16000	Cuotas Sociais. Seguridade Social	2023.00001	5420	S	7.022,15	0,00
111	10	08.80..541E.22000	Material de oficina non inventariable	2023.00001	5420	S	5.184,00	0,00
111	10	08.80..541E.231	Locomoción	2023.00001	5420	S	5.184,00	0,00
111	10	08.80..541E.6401	Gastos en inversións de carácter inmaterial	2023.00001	5420	S	38.000,00	0,00

5.5. EXPEDIENTE AM-12.80-005-23

(Código exp. CODEX AM-2023-59-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

5.5.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo II do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, por importe de 17.808,86 €. A ampliación é como consecuencia do financiamento por parte da Dirección Xeral de Saúde Pública para a adquisición de material de laboratorio na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

5.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.03..412A.22119	Material de laboratorio	2014.00042	1010	N	17.808,86	0,00

5.6. EXPEDIENTE AM-12.80-006-23

(Código exp. CODEX AM-2023-59-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

5.6.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo VI, programa 412B, do estado de gastos do orzamento do Servizo



Galego de Saúde para o ano 2023, por importe de 1.149.480,00 €, con destino a investimento de reposición. Esta ampliación ten por finalidade dotar crédito no orzamento do centro 5001, Servizos Centrais, en base a un acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables cofinanciado con fondos FEDER no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

5.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412B.6311	REFORMAS, AMPLIACIONES E MELLORAS ATENCIÓN PRIMARIA	2020.00015	4130	S	1.149.480,00	0,00

5.7. EXPEDIENTE AM-12.80-007-23

(Código exp. CODEX AM-2023-59-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

5.7.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo VI, programa 412B, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, por importe de 86.520,00 €, con destino a investimento de reposición. Esta ampliación ten por finalidade dotar crédito no orzamento do centro 5001, Servizos Centrais, en base a un acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables de xeración eléctrica, cofinanciado con fondos FEDER no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

5.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412B.6311	REFORMAS, AMPLIACIONES E MELLORAS ATENCIÓN PRIMARIA	2020.00015	4130	S	86.520,00	0,00

5.8. EXPEDIENTE AM-12.A1-014-23

(Código exp. CODEX AM-2023-127-00100014)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	ACIS (308)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

5.8.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO, no capítulo 2, programa 414A, do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para o ano 2023, por importe total de 50.0000 €, procedentes dunha xeración de crédito do Servizo Galego de Saúde (referencia CODEX: XC-2023-59-00100030). A xeración é como consecuencia da aprobación polo pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do día 22 de xuño de 2022, da aprobación da distribución de créditos destinados ás Comunidades Autónomas para o impulso da ampliación dos servizos de saúde bucodental na carteira de servizos do SNS do exercicio 2022.

5.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
308	10	12.A1..414A.22617	Cursos de formación	2023.00011	3013	N	50.000,00	0,00

5.9. EXPEDIENTE AM-13.A1-001-23

(Código exp. CODEX AM-2023-7-00100002)



ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGSS (307)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

5.9.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 120.480,00 € no capítulo VI do programa 312B da Axencia Galega de Servizos Sociais, con motivo da transferencia de crédito nos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social polo mesmo importe, para poder financiar o plan de investimentos nas escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais.

5.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
307	10	13.A1..312B.6321	Reposición de edificios e outras construcións	2016.00002	1010	N	120.480,00	0,00

5.10. EXPEDIENTE AM-13.A1-002-23

(Código exp. CODEX AM-2023-7-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGSS (307)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

5.10.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 4.932,48 euros con motivo da transferencia de crédito nos orzamentos da DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, polo mesmo importe para poder financiar o pagamento da nómina por acumulación de tarefas de 1 posto da agrupación Profesional Escala de Persoal de limpeza de recursos naturais e forestais especialidade de persoal de limpeza e cociña para a escola Casa do Mar (Marín) por importe de 4.932,48 € correspondente ao período dende o 1/06/2023 ata o 31/07/2023.

5.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
307	10	13.A1..312B.12024	ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NON DOCENTE	2016.00001	1010	N	3.708,63	0,00
307	10	13.A1..312B.16024	SEGURIDADE SOCIAL ACUMULACIÓN DE TAREFAS	2016.00001	1010	N	1.223,85	0,00

5.11. EXPEDIENTE AM-14.80-005-23

(Código exp. CODEX AM-2023-53-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	FOGGA (203)
ÓRGANO XESTOR	FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

5.11.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de vinte e seis mil euros (26.000,00 €) no capítulo II do programa de gasto 713F, "Regulacións das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores", pertencente ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), co obxecto de facer fronte ás obrigas derivadas dos gastos correntes do capítulo II.

5.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
203	10	14.80..713F.212	Edificios e outras construcións	2015.00004	1010	N	8.000,00	0,00
203	10	14.80..713F.214	Material de transporte	2015.00004	1010	N	8.000,00	0,00
203	10	14.80..713F.22000	Ordinario non inventariable	2015.00004	1010	N	10.000,00	0,00

5.12. EXPEDIENTE AM-14.A4-002-23

(Código exp. CODEX AM-2023-254-00100002)



ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGAIF (310)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

5.12.1. Descrición

Ampliación de crédito no subconcepto 410. 0 do orzamento de gastos da Axencia Galega da Industria Forestal para habilitar a devolución do remanente de tesourería, non afectado, resultante da liquidación do exercicio 2021.

5.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
310	10	14.A4..741A.4100	Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma	2018.00002	1010	N	1.192.812,88	0,00



6. ACORDO DO CONSELLO

6.1. EXPEDIENTE TR-15-023-23

(Código exp. CODEX TR-2023-223-00300002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Mar (001.15)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.15.01)

6.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 368.922,68 € desde distintos conceptos dos programas 723A e 723B ao programa 541C do orzamento de gastos de Consellería do Mar para o ano 2023, co fin de dotar o crédito necesario para prorrogar, durante o segundo semestre deste ano, o contrato de xestión do servizo público de gardacostas de Galicia, prestado con medios marítimos.

6.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.01..541C.6041	Operatividade servizo de gardacostas	2011.00867	1010	N	368.922,68	0,00

6.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.02..723A.7700	Limitación impacto pesca medio mariño	2023.00195	1020	S	21.779,68	0,00
001	19	15.02..723A.7703	Eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático	2023.00189	1020	S	77.143,00	0,00
001	19	15.02..723A.7704	Investimentos a bordo	2023.00190	1020	S	98.571,00	0,00
001	19	15.02..723B.7706	Saúde e seguridade	2023.00191	1020	S	171.429,00	0,00



7. BAIXA

7.1. EXPEDIENTE BC-05.A1-002-23

(Código exp. CODEX BC-2023-13-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGAPE (405)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

7.1.1. Descrición

Baixa de crédito no capítulo VII do programa 741A do orzamento de gastos do Instituto Galego de Promoción Económica por 774.466,89 € para transferir crédito á Dirección Xeral de Comercio e Consumo para facer fronte a revisión excepcional de prezos do contrato de obras de ampliación das instalacións do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi). Fondos propios da Comunidade Autónoma

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
405	10	05.A1..741A.7700	Apoio á compet, invest, internac, outras	2016.00025	1010	N	774.466,89	0,00

7.2. EXPEDIENTE BC-05.A1-003-23

(Código exp. CODEX BC-2023-13-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGAPE (405)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

7.2.1. Descrición

Baixa de crédito no capítulo VII do programa 741A do orzamento de gastos do Instituto Galego de Promoción Económica por 100.000 € para transferir crédito á Secretaría Xeral de Industria co obxecto de impulsar o Plan de acción de promoción industrial de Galicia

7.2.2. Partidas orzamentarias de destino

7.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
405	10	05.A1..741A.7700	Apoio á compet, invest, internac, outras	2016.00025	1010	N	100.000,00	0,00

7.3. EXPEDIENTE BC-11-001-23

(Código exp. CODEX BC-2023-177-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (001.11)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Igualdade (001.11.20)

7.3.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 1.434.948,18 € NO PROGRAMA 312G DE FONDOS FINALISTAS CORRESPONDENTES AO PLAN CORRESPONSABLES



7.3.2. Partidas orzamentarias de destino

7.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.20..312G.4812	LIÑAS DE AXUDAS CONCILIACIÓN ENTIDADES INICIATIVA SOCIAL	2021.00175	3010	N	1.434.948,18	0,00

7.4. EXPEDIENTE BC-12.80-005-23

(Código exp. CODEX BC-2023-59-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

7.4.1. Descrición

Baixa de crédito do capítulo I, do programa 411A, do vixente orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde (servizos centrais) por importe de 47.163,13 euros, para facer fronte ao aboamento da seguridade social derivado do traspaso de prazas do Servizo Galego de Saúde (servizos centrais) á Consellería de Sanidade, en relación á Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de abril de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

7.4.2. Partidas orzamentarias de destino

7.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..411A.16000	SEGURIDADE SOCIAL	2016.00011	1010	N	47.163,13	80.851,08

7.5. EXPEDIENTE BC-12.80-006-23

(Código exp. CODEX BC-2023-59-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

7.5.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo I, programa 561C, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, por importe de 12.952,18 €. A baixa de crédito efectúase como consecuencia do reintegro dunha axuda concedida concedida pola Fundación Biomédica Sur a investigadores do centro 3601.

7.5.2. Partidas orzamentarias de destino

7.5.3. Partidas orzamentarias de orixe



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.01..561C.13100	Retribucións básicas	2013.00032	3211	N	10.650,83	0,00
103	50	36.01..561C.16000	Seguridade social	2013.00032	3211	N	2.301,35	0,00

7.6. EXPEDIENTE BC-12.80-007-23

(Código exp. CODEX BC-2023-59-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

7.6.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo VI, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2023, por importe de 1.850.000,00 €. A baixa de crédito efectúase como consecuencia do financiamento dunha transferencia no orzamento da Consellería de Sanidade, dende a aplicación 1201/411A/730.07 á aplicación 1202/413A/628.7, coa finalidade de dispoñer do crédito necesario para a adquisición das vacinas que se van incluír no calendario de vacinación en idade infantil.

7.6.2. Partidas orzamentarias de destino

7.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.6211	PLANS DIRECTORES E OUTRAS ACTUACIÓNS EN CENTROS HOSPITALARIOS	2015.00004	1010	N	1.850.000,00	0,00

7.7. EXPEDIENTE BC-12.80-008-23

(Código exp. CODEX BC-2023-59-00100010)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

7.7.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo I, programa 561C, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, por importe de 2.134,66 €. A baixa de crédito efectúase como consecuencia do reintegro dunha axuda concedida pola Fundación Biomédica Sur a investigadores do centro 3601.

7.7.2. Partidas orzamentarias de destino

7.7.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00006	3213	N	1.652,62	0,00
103	50	36.01..561C.16000	Seguridade social	2015.00006	3213	N	482,04	0,00



8. AUTORIZACIÓN CONSELLEIRO

8.1. EXPEDIENTE TR-05-012-23

(Código exp. CODEX TR-2023-314-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral de Industria (001.05.02)

8.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por impoite de 37.215,83 € dentro do programa 731A, artigos 22 a 21 da Secretaría Xeral de Industria para atender os gastos de mantemento e limpeza do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia-LOMG segundo o establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27/07/2006 sobre edificios compartidos.

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.02..731A.212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	2015.00280	1010	N	37.215,83	0,00

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.02..731A.22100	ENERXÍA ELÉCTRICA	2015.00280	1010	N	37.215,83	0,00

8.2. EXPEDIENTE TR-15-027-23

(Código exp. CODEX TR-2023-223-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Mar (001.15)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.15.01)

8.2.1. Descrición

Transferencia de crédito no capítulo II do programa 721A desde o artigo 21 ao 22 e por importe de 10.000,00EUR de fondos propios para asumir o custe da enerxía eléctrica do centro de formación Aixola dependente da Consellería do Mar.

8.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.01..721A.22100	ENERXÍA ELÉCTRICA	2015.00606	1010	N	10.000,00	0,00

8.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.01..721A.215	MOBILIARIO E UTENSILIOS	2015.00606	1010	N	10.000,00	0,00

8.3. EXPEDIENTE TR-15-031-23

(Código exp. CODEX TR-2023-223-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Mar (001.15)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.15.01)

8.3.1. Descrición

Transferencia de crédito no capítulo II do programa 561A desde o artigo 21 ao 22 e por importe de 6.000,00EUR de fondos propios para levar a caba a tramitación da prórroga de continuidade do contrato centralizado de subministración de enerxía eléctrica aos centros Redexga para o período set-nov do 2023.



8.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.03..561A.22100	ENERXÍA ELÉCTRICA	2015.00603	1010	N	6.000,00	0,00

8.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.03..561A.213	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS	2015.00603	1010	N	6.000,00	0,00



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2023 11:40:41
Nº Rexistro: 55557
Data envío: 14/07/2023 11:40:41.384

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2023 9:40:29

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela funciona o servizo de oncoloxía pediátrica que atende, nos diferentes niveis e estádios da enfermidade, a varias decenas de menores que son diagnosticados de cancro. Este servizo, dependente do servizo xeral de pediatría, ten un funcionamento certamente autónomo debido ao específico das doenzas e os pacientes sobre os que traballa.

Non en tanto nos últimos tempos vence producindo unha tendencia que vai facendo a esta área perder capacidade de funcionamento, cando o diagnóstico de patoloxías de oncoloxía pediátrica ven aumentando nos últimos anos. Así os facultativos que atenden esta unidade son 2, cando apenas poucos anos atrás eran 5, o que reduce a súa capacidade de acción e tamén provoca problemas de saturación, dificultade para organizar o propio funcionamento da atención (vacacións, días libres, etc). O persoal non facultativo sofre dos mesmos problemas e todo recae sobre a vontade e vocación dos profesionais que, sendo exemplares, non poden ofrecer máis do que xa entregan a súa labor.

Algúns problemas de funcionamento e organización do servizo teñen que ver tamén coa dificultade para ter posibilidades de formación específica por parte do persoal, que desenvolve esta labor por iniciativa propia, a custe propio e auto-organizándose para manterse en constante actualización o que, ao fin, repercute nunha maior e mellor asistencia sanitaria a pacientes e familias. Outras labores como a perda de capacidade investigadora, que agora é imposible por parte do persoal do propio servizo pola dedicación absoluta ás



labores asistenciais debido á falta de maior volume de persoal. Algunhas iniciativas que se desenvolven en Galicia veñen favorecidas por iniciativas persoais, como a de familiares de pacientes que realizan actividades solidarias que permitan obter fondos.

A situación do conxunto de oncoloxía pediátrica neste centro podería optimizarse no caso de poder mellorar en autonomía e entidade dentro da estrutura organizativa do centro. Ao igual que ocorre noutros sistemas sanitarios doutras comunidades autónomas, este caso tamén tivo a figura dun xefe de sección / servizo, que permitía ter un maior acceso e posibilidades de capacidade de decisión propia e de xestión de maiores recursos, tanto materiais como humanos. A xubilación do profesional que exercía ese rol foi aproveitada para eliminalo da estrutura, tendo dende entón menor peso organizativo.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cre o Goberno de Galicia que a dotación de recursos humanos do servizo de oncoloxía pediátrica do CHUS é suficiente?
2. Cre o goberno da Xunta de Galicia que dotar dunha estrutura organizativa máis autónoma ao área de oncoloxía pediátrica do CHUS facilitaría a mellora e avance do propio servizo?
3. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia recuperar a dirección organizativa do servizo de oncoloxía pediátrica no CHUS como xa existiu e como funciona noutros centros hospitalarios?

Santiago de Compostela, 10 de xullo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 11:29:28
Nº Rexistro: 55274
Data envío: 10/07/2023 11:29:28.891

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2023 11:23:24

Noa Susana Díaz Varela na data 10/07/2023 11:23:33

Marina Ortega Otero na data 10/07/2023 11:23:45

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
201642

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Centrándonos nos datos de paro rexistrado, publicados o 4 de xullo polo Servizo Público de Emprego (SEPE), estes reflicten un aumento da afiliación de 8.145 persoas.

Tras varios meses consecutivos rexistrando incrementos, o número total de persoas afiliadas sitúase en 1.067.230. Pola súa banda, o desemprego volve caer este mes, concretamente en 5.410 persoas, contabilizando unha cifra total de 129.024, o mellor dato da serie histórica, dende 1996.

En canto á afiliación, dáse un crecemento sostido nos seis primeiros meses do ano, partindo de 1.031.000 e chegando aos 1.067.0000, 36.500 máis.

Comparando o primeiro semestre de 2023 co mesmo período de 2022, obtéñense en Galicia 14.500 empregos máis.

Tal como recolle sindicato UGT o máis destacable é que esta expansión do emprego está a darse a través do emprego de calidade de maneira que a reforma laboral segue, por tanto, despregando todo o seu potencial tras ano e medio desde a súa entrada en vigor, profundando na estabilización e a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras.

Unha mostra diso é que a temporalidade na afiliación continúa manténdose no mínimo histórico do 14 %. Ademais, o número de contratos indefinidos



asinados neste mes continúa ascendendo, realizándose en xuño 22.993 contratos, e chegando a supoñer o 31,34 % do total de contratos rexistrados.

Así, aínda que o número total de contratos rexistrados é menor en comparación con anos anteriores, isto non é máis que unha mostra da estabilidade na que por fin se instaurou o mercado laboral español, que pasou a asentarse sobre a contratación indefinida e non sobre a concatenación sen fin de contratos temporais de moi curta duración.

Xérase emprego estable e de calidade así o está recoñecendo incluso o Partido Popular, que a rexeitou no seu momento co seu voto en contra no Parlamento, e que estivo descualificándoa e opoñéndose á súa aplicación desde a súa entrada en vigor, mesmo cun recurso de inconstitucionalidade

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 9,74 %, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, o que indica unha mellora de expectativas, e baixou no ano nun 17,95 %.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 4,01 % e nun 4,04 % entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 9,58 % entre os homes e o 7,65 % entre as mulleres.

Aínda así, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,93 % do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 76.035 mulleres, fronte a 52.989 homes.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos. Así, baixou un 3,96 % no primario; un 3,13 % na industria; o 3,27 % na construción; un 2,51 % no colectivo sen emprego anterior; e nun 4,42 % nos servizos.



No ano sucede o mesmo, baixa en todos. Baixa un 15,74 % no primario; o 12,15 % na industria; o 11,28 % na construción; e o 8 % no sector servizos; e no colectivo de sen emprego baixa o 1,88 %.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 3,1 % en Lugo; o 4,52 % en Pontevedra; o 4,22 % na Coruña; e o 2,42 % en Ourense.

No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 8,54 %; 9,12 % en Pontevedra; 7,95 % na Coruña; e o 7,84 % en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 31,34 %, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 42,3 %.

Realizáronse en xuño un total de 73.138 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 70,34 %, e do 59,43 %, no primario.

Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 30,12 %, e na industria, do 23,04 %.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 64,06 %, con 78.523 persoas beneficiarias. Deste total, 40.253 perciben subsidio e a renda activa de inserción, 4.688, ambas importes asistenciais, e tan só 33.582 prestacións contributivas, o 42,8 % do total.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.067.230 de media mensual, medrando un 0,77 % no mes e un 1,78 % no ano.



Por elo, vista a radiografía dos datos do paro rexistrado as organizacións sindicais UGT e CCOO instan o Partido Popular a retirar o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a reforma laboral, e por elo as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración realiza o Goberno galego dos resultados obtidos coa reforma laboral realizada polo Goberno do Estado?
2. Ante os bos resultados obtidos, considera o Goberno galego que o Partido Popular debe retirar o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a reforma laboral?
3. Considera o Goberno galego que o voto en contra do Grupo Parlamentario Popular á reforma laboral no Congreso dos deputados foi un erro?
4. Que valoración realiza o Goberno galego respecto de que as mulleres seguen a representar o 58,93 % do total do desemprego en Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de xullo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/07/2023 10:11:39

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2023 10:11:59





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2023 11:10:50
Nº Rexistro: 55341
Data envío: 11/07/2023 11:10:50.609

Marina Ortega Otero na data 11/07/2023 10:12:09

CSV: BOPGDSPG-qJqALTLq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
201647

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de garantir a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afrontar a fin da violencia de xénero precisa dunha firme vontade política que asuma unha estratexia de planificación global nada desde o comezo dunha formación educativa en igualdade.

Na actualidade son moitos os informes e estatísticas que confirman que é entre os menores de 18 anos onde está a medrar a violencia machista, desde a asunción dunha visión negacionista desta até a confección de discursos abertamente antifeministas.

Banalizar a violencia de xénero, ser incapaz de recoñecer actitudes machistas, propór substituír o concepto de violencia de xénero por violencia intrafamiliar ou doméstica ou mesmo afirmar que a violencia non ten xénero fai parte dun discurso social que procura retroceder os avances en materia de igualdade.

A educación en igualdade de xénero facía parte do currículo académico galego. Dicimos facía porque, sorprendentemente, a partir do vindeiro curso deixará de estar presente, xa que a Xunta acaba de eliminar a oferta desta materia optativa ao tempo que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorpora aos currículos de ESO e BAC tres novas materias: Cultura Financeira, Intelixencia Artificial para a Sociedade e Tecnoloxías Intelixentes.

Renunciar á formación do alumnado en igualdade de xénero é renunciar ao principio básico de educación nos valores do respecto, da tolerancia e da convivencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Por que elimina o goberno galego a oferta académica da materia de igualdade de xénero?
- É consciente das consecuencias desta decisión?
- Ten elaborado algunha avaliación do resultado da impartición desta materia nos diferentes centros educativos do país?
- Comprométese o goberno a rectificar esa decisión e reforzar a oferta da materia de igualdade de xénero cunha dotación horaria suficiente?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/07/2023 17:15:19

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 17:15:22

Mercedes Queixas Zas na data 13/07/2023 17:15:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación das persoas LGBT nos centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación do informe “Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza”, elaborado polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega apunta varias cuestións importantes a ter en conta en relación á situación das persoas LGBT no noso País. Neste estudo, partindo dunha investigación profunda sobre a realidade do colectivo, realízase unha diagnose das diferentes áreas, sinalando os desafíos que cómpre afrontar e tamén as iniciativas de referencia, e remata cunha serie de propostas e recomendacións para avanzar na igualdade e no recoñecemento da diversidade.

Os datos que se advirten sobre a situación actual é preocupante en varias áreas, sendo graves os datos obtidos en relación ao ámbito da educación, ata o punto de que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Isto ten consecuencias importantes, tanto a nivel do respecto aos dereitos humanos de toda a comunidade educativa e as aprendizaxes que disto se derivan, tamén fóra das aulas, como tamén desde a perspectiva do ensino. O estudo da FELGTB “Jóvenes trans en el sistema educativo” sinala nesta liña que o abandono escolar por motivo de transfobia é un dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicionantes que caracterizan a situación de exclusión do mundo laboral que se presenta entre persoas trans adultas, ao presentar unhas cifras de remate da etapa de educación secundaria obrigatoria que resultan 17 puntos menor que a poboación xeral.

Algunhas das eivas recollidas no informe do CCG son a difícil aplicación das normativas e protocolos existentes para garantir a convivencia no espazo escolar por non ser estas ferramentas aplicables á pluralidade de situacións que teñen lugar nos centros de ensino ou directamente por non seren estas normas coñecidas. Tamén se salienta o clima de hostilidade cara ás persoas LGBT e as actividades dirixidas á sensibilización en normalización da diversidade sexual e de xénero, motivo polo que en moitas ocasións este campo quede suxeito á vontade persoal de cada profesional, e a escasa adecuación das iniciativas existentes, moi dependentes de días sinalados no calendario, aos diferentes contextos educativos, o que provoca que o impacto obtido sexa menor do desexado.

Resulta preocupante tamén a presenza da LGBTfobia nas aulas. O 64,5 % do alumnado de secundaria presenciou nas clases de Educación Física comportamentos homofóbicos entre o propio alumnado, chegando a sufrilo en primeira persoa en moitas ocasións.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- É consciente o goberno galego da situación das persoas LGBT no ensino?
- Que valoración fai o executivo de que as organizacións LGBT consideren que os centros de ensino galegos non son espazos seguros para as persoas non cisheteronormativas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Considera que son válidos os plans e protocolos existentes para evitar a LGBTfobia nas aulas?

– Considera que é axeitada e suficiente a formación que se lle dispensa ao alumnado galego en igualdade, diversidade sexual e identidade de xénero?

– Cal é o motivo polo cal o goberno galego se nega a realizar e incorporar un plan de educación sexo-afectiva dentro da ensinanza obrigatoria, que abranga ao conxunto do alumnado e adaptado a cada unha das etapas educativas?

– Existe algunha previsión para recoller as recomendacións formuladas polo Foro de Disidencias Sexuais do CCG?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 13/07/2023 17:35:50





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 13/07/2023 17:35:53



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

